



BOP

JUEVES, 14 DE MAYO DE 2015

Nº 108

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

ELECCIÓN S LOCAIS 2015

XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

De conformidade co disposto na Instrucción 4/2011, de 24 de marzo de 2011, da Xunta Electoral Central, faise saber o seguinte:

No día da data aprobouse por esta Xunta Electoral Provincial proposta formulada pola Comisión de Radio para a distribución de espazos gratuitos de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública e ámbito de difusión provincial ou municipal, a favor das entidades políticas con dereito a ela (PP, PSdeG-PSOE e BNG, así como tamén FOZ PLATAFORMA DE FUTURO F.P.F., no concello de Foz).

As entidades políticas que se consideren afectadas poderán, no prazo de un día seguinte a publicación do presente anuncio, examinar nas dependencias desta Xunta Electoral o acordo adoptado e antecedentes do mesmo, e formular dentro do mesmo prazo preclusivo os recursos que estimen pertinentes.

Lugo, a 06 de maio de 2015.- A SECRETARIA, M^a Dolores Cruz Requejo

R. 1996

Anuncio

M^a DOLORES CRUZ REQUEJO, SECRETARIA DA XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE LUGO,

CERTIFICO: que en reunión do día da data desta Xunta Electoral Provincial, adoptouse o acordo que consta en acta da seguinte maneira:

"Lugo, a sete de maio de dous mil quince.

No día da data reúnen os señores relacionados, como membros da Xunta Electoral Provincial de Lugo, co gallo de tratar asuntos da súa competencia.

Constituída a Xunta, dáse conta por min, Secretaria, de terse recibido comunicacións de tódalas XEZ proponiendo vogais non xudiciais para completar ditas Xuntas, consonte o art. 11.1 b) da LOREX.

Polos membros desta Xunta Electoral, a vista dos escritos remitidos e propostas feitas, acórdase designar como vogais non xudiciais das respectivas Xuntas Electorais de Zona ás seguintes persoas:

XEZ de Lugo: D. Pedro Díaz Parga e D. Luis Alberto Lamas Novo.

XEZ de Mondoñedo: Dna. Laura María Huerta Lejo e Dna. María Asunción García Moncada.

XEZ de Monforte de Lemos: D. José Manuel Puga Gómez e Dna. Belén Prieto Robisco.

XEZ de Vilalba: D. Marco Antonio Candal Quiroga e D. Julio Andrés Villarino Fernández.

XEZ de Chantada: D. Fernando Porto Carril e Dna. Susana Gutiérrez Roldán.

XEZ de Fonsagrada: D^a Soledad Sierra Villaverde e D. José Manuel López Álvarez."

E para que así conste e a súa publicación no BOP de Lugo, estendo e asino a presente en Lugo sendo o sete de maio de dous mil quince.

R. 1997

SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, S.A. – SUPLUSA

Anuncio

BASES ESPECÍFICAS

PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DE EMBARCACIÓNS TURÍSTICAS POR A SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, S.A.

1.- OBXECTO.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección do persoal que prestará os seus servizos nas embarcacións turísticas xestionadas pola Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA), nas augas interiores da provincia de Lugo e durante a tempada de verán, que abarcará dende o primeiro de xuño ata o trinta de setembro do ano 2015.

As prazas obxecto desta convocatoria serán as seguintes:

- **CATRO PRAZAS DE PILOTO DE EMBARCACIÓN:** Encargado do manexo e seguridade da embarcación, así como do mantemento dos motores e da embarcación en xeral.

- **CATRO PRAZAS DE MARIÑEIRO/A DE EMBARCACIÓN:** Encargado da axuda na manobra de saída e entrada da embarcación, seguindo as instrucións e mandatos do piloto, así coma a limpeza da embarcación, incluíndo aseos, compartimentos de motor, sentinas e obra morta. Limpeza do pantalan, accesos e entorno das instalacións, incluíndo a lámina de auga accesible dende a embarcación, pantalan ou ribeira. Igualmente en substitución ou colaboración coa azafata da embarcación, será o responsable da coordinación, recepción, asistencia, orientación e información do pasaxe, así coma da xestión e venda dos tickets

- **CINCO PRAZAS DE AZAFATA/O DE EMBARCACIÓN:** Encargado da xestión e venda de tickets, coordinación, recepción, asistencia, orientación e información do pasaxe, así coma da limpeza da embarcación, incluíndo os compartimentos do motor, sentinas e obra morta da mesma. Limpeza do pantalan, accesos e entorno das instalacións, incluíndo a lámina de auga accesible dende a embarcación, pantalan ou ribeira. Axuda o mariñeiro e o piloto na manobra de saída e o atraque da embarcación.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias e que están en condicións de acreditalos, una vez superada a proba selectiva, antes de que se dite a resolución de nomeamento a favor dos aspirantes que sexan seleccionados, agás no suposto de compatibilidade que é suficiente a acreditación antes do inicio da relación de servizo.

2.1.- REQUISITOS XENERAIS.

a) Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Támén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Posuír a titulación académica esixida no punto 2.2 destas bases para ingresar na praza á que se aspira. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

e) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

2.2.- REQUISITOS ESPECÍFICOS.

- **PILOTO DE EMBARCACIÓN:** Será necesario estar en posesión dalgún dos títulos profesionais da Mariña Mercante que habiliten para o transporte de pasaxeiros, sendo necesario, como mínimo, o título de Patrón Portuario da Mariña Mercante.

- **MARIÑEIRO/A DE EMBARCACIÓN:** Será necesario estar en posesión do título de EXB ou ESO.

- **AZAFATA/O DE EMBARCACIÓN:** Será necesario estar en posesión do título de EXB ou ESO.

3.- SOLICITUDES.

3.1.- FORMA.

Aqueles que desexen formar parte no proceso selectivo deberán facelo constar en instancia axustado ó modelo que figura no **ANEXO I** desta convocatoria na que se manifesta que o aspirante reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nestas bases, irá dirixida ó Sr. Presidente de SUPLUSA e acompañarase inescusablemente da copia compulsada do DNI.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido a efectos de notificación, sendo responsabilidade única dos aspirantes tanto os erros na súa consignación coma na comunicación de calquera cambio nel.

3.2.- PRAZO.

O prazo de presentación de solicitudes rematará ós **sete días naturais**, contados a partir do seguinte á publicación das bases desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día fose sábado ou festivo, o prazo rematará o día seguinte hábil.

3.3.- LUGAR.

As solicitudes presentaranse no Rexistro da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. con domicilio na rúa San Marcos nº11-2º-27.001-LUGO, en horario de 9.00 a 14.00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos antes de seren certificadas.

3.4.- ERROS NAS SOLICITUDES.

Os erros de feito que puideran advertirse poderán corrixirse en calquera momento, de oficio ou por instancia do interesado.

No obstante, a presentación de instancias fora do prazo establecido non será emendable e suporá a exclusión do procedemento selectivo.

4.- DESIGNACIÓN, COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

4.1.- COMPOSICIÓN.

O Órgano de Selección estará composto por cinco membros, sendo a súa composición a seguinte:

- **PRESIDENTE:** D. Ramón Arias Roca, Xerente de SUPLUSA.
- **VOGAIS:** Dña. Mónica Marras Mosquera, Directora Técnica de SUPLUSA; D. José Ferreiro Fernández, Tesoureiro de SUPLUSA; Dña. Vanesa Vázquez Abad, Avogada de SUPLUSA.
- **SECRETARIO:** D. Javier Giménez Miralles, Secretario de SUPLUSA.

4.2.- ACTUACIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O Órgano de Selección constituirase o día 25 de maio de 2015, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do Tribunal, con presenza, en todo caso, do Presidente e o do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento da proba selectiva.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e ás bases reguladoras desta convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización da proba, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, xa citada.

4.3.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.

O Presidente poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

5.1.- CRITERIOS XERAIS.

O proceso selectivo constará dunha única proba obrigatoria, que se dividirá en dous partes, unha teórica e outra práctica, sendo específica para cada praza na maneira que se establece a continuación:

- PILOTO DE EMBARCACIÓN:

- **PARTE TEÓRICA:** Consistirá nun exercicio tipo test de vinte preguntas con catro respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta, relacionadas coas materias que figuran como **ANEXO II** desta convocatoria. Para a realización desta proba os aspirantes disporán dun tempo máximo de trinta minutos. Esta exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, calificarase de 0 a 25 sendo necesario acadar unha puntuación de 13 puntos.

- **PARTE PRÁCTICA:** Consistirá en desenvolver un suposto práctico, proposto polo Órgano de Selección, relacionado co posto de traballo, a realizar nun tempo máximo de trinta minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, calificarase de 0 a 25, sendo necesario acadar unha puntuación de 13 puntos para superalo.

No mesmo día e posterior a realizar o suposto práctico, farase a tradución dun texto de castelán a galego ou de galego a castelán, obrigatorio e non eliminatorio, que se calificará de 0 a 25 puntos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír no día do prazo de presentación de solicitudes o Celga 3, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

- MARIÑEIRO/A DE EMBARCACIÓN:

- **PARTE TEÓRICA:** Consistirá nun exercicio tipo test de quince preguntas con catro respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta, relacionadas coas materias que figuran como **ANEXO III** desta convocatoria. Para a realización desta proba os aspirantes disporán dun tempo máximo de trinta minutos. Esta exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, calificarase de 0 a 25 sendo necesario acadar unha puntuación de 13 puntos.

- **PARTE PRÁCTICA:** Consistirá en desenvolver un suposto práctico, proposto polo Órgano de Selección, relacionado co posto de traballo, a realizar nun tempo máximo de trinta minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, calificarase de 0 a 25, sendo necesario acadar unha puntuación de 13 puntos para superalo.

No mesmo día e posterior a realizar o suposto práctico, farase a tradución dun texto de castelán a galego ou de galego a castelán, obrigatorio e non eliminatorio, que se calificará de 0 a 25 puntos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír no día do prazo de presentación de solicitudes o Celga 3, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

- AZAFATA/O DE EMBARCACIÓN:

- **PARTE TEÓRICA:** Consistirá nun exercicio tipo test de quince preguntas con catro respostas alternativas cada unha, sendo só unha delas correcta, relacionadas coas materias que figuran como **ANEXO IV** desta convocatoria. Para a realización desta proba os aspirantes disporán dun tempo máximo de trinta minutos. Esta exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, calificarase de 0 a 25 sendo necesario acadar unha puntuación de 13 puntos.

- **PARTE PRÁCTICA:** Consistirá en desenvolver un suposto práctico, proposto polo Órgano de Selección, relacionado co posto de traballo, a realizar nun tempo máximo de trinta minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, calificarase de 0 a 25, sendo necesario acadar unha puntuación de 13 puntos para superalo.

No mesmo día e posterior a realizar o suposto práctico, farase a tradución dun texto de castelán a galego ou de galego a castelán, obrigatorio e non eliminatorio, que se calificará de 0 a 25 puntos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír no día do prazo de presentación de solicitudes o Celga 3, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

5.2.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

Os aspirantes deberán presentarse o día 25 de maio de 2015 as 19:00 horas no Pazo Provincial dos Deportes, Avda. Filarmónica Lucense s/n, Lugo, para a realización do exercicio, provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do Tribunal.

Os opositores poderán ser requiridos polo Tribunal, en calquera momento, coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os aspirantes serán convocados para o exercicio en chamamento único, quedando decaídos do seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, agás casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

6.- LISTA DE SELECCIONADOS, PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN, PUBLICACIÓN E NOTIFICACIÓN.

Rematada a calificación, o Órgano de Selección expoñerá a relación de persoas seleccionadas, por orde de puntuación.

Esta relación farase pública no taboleiro de anuncios de SUPLUSA, contendo así mesmo proposta de nomeamento a favor dos aspirantes seleccionados.

A proposta de contratación será notificada ós aspirantes propostos ca indicación de que dispoñen dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte o da recepción da comunicación, de ser declarados seleccionados, para presentar a documentación que sinala a base seguinte.

7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os aspirantes seleccionados terán un prazo de tres días hábiles, a partir do día seguinte da recepción da notificación de ter superado o procedemento selectivo, para presentar no Rexistro Xeral de SUPLUSA:

- a) Fotocopia compulsada dos títulos e documentos que permitan o acceso ó posto de traballo.
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

Os aspirantes que dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentaran a súa documentación ou cando da mesma se deducira que carece dalgún dos requisitos sinalados nestas bases e non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude.

8.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Á vista da proposta formulada Órgano de Selección, comprobado que os aspirantes incluídos na citada relación de seleccionados presentaron a documentación xustificativa dos requisitos sinalados, e ditada resolución pola Presidencia, formalizarase o contrato de traballo.

Lugo, 12 de maio de 2015.-Javier Giménez Miralles, Secretario de SUPLUSA, Ramón Arias Roca, Xerente de SUPLUSA

ANEXO I (INSTANCIA)**DATOS DA PRAZA**

DENOMINACIÓN:

DATA PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA NO B.O.P.:

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI	TLF	
DOMICILIO	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO

Que reúno os requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

.....
.....**SOLICITO**

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

Lugo, a.....de.....de.....

Asd:.....

ANEXO II (TEMARIO PILOTO)

1.- Navegación costeira. Planificar unha travesía, incluídos os consumos. Navegación por estima. Determinar situacións por liñas costeiras. Determinar situacións e derrotas mediante sistema de axudas náuticas electrónicas.

2.- Meteoroloxía. Interpretación das condicións meteorolóxicas a través de mapas e instrumentos. Importancia do tempo meteorolóxico na navegación. Previsión meteorolóxica.

3.- Continxencias e accidentes na navegación. O abordaxe. Avarías a bordo. Arribada forzosa. O naufraxio.

4.- Manobra e goberno dos buques. Elementos de amarre, traballo. Amarras, cabos e manobra. Dar e largar amarras. Manobra de fondeo. Hélices, temón, goberno. Manobras de atraque e desatraque.

5.- Características e dimensións do buque. Características xerais. Dimensións, formas, calados. Obra viva e obra morta. Desprazamento, arqueo, liñas de carga. Estrutura do buque. Estabilidade e estiba do buque. Estandaridade e flotabilidade. Movemento de pesos. Curvas hidrostáticas, centro de carenas. Centro de gravidade do buque.

6.- Busca e salvamento. Procedementos de busca e salvamento. Manobra de recollida de home o auga. Rescate por H/C. Salvamento de superviventes. Sociedade Estatal de Salvamento. Centros de Coordinación de Salvamento e loita contra a contaminación

7.- Regulamento internacional para prever abordaxes na mar. Abordaxes. Varada. Vías de auga.

8.- Control de pasaxeiros e tripulación en situacións de emerxencia. Control da emerxencia e comportamento humano. Reacción inicial dos pasaxeiros. Rexistro de zonas e camarotes. Condución do pasaxe. Mantemento das comunicacións. Idioma de comunicación. Comunicación visual. Idiomas de avisos de emerxencia.

9.- Prevención e loita contra incendios. Natureza e química do lume. Mecanismos de extinción. Axentes de extinción. Sistemas fixos de detección e extinción de incendios a

bordo. Equipos de protección respiratoria. Sinales de alarma.

10.- Abandono do buque e equipos de supervivencia. Preparación o abandono do buque. Sinales de emerxencia e interpretación do cadro orgánico. Permanencia no auga. Embarcacións de supervivencia na mar. Equipos de protección persoal. Equipos de sinais. Dispositivos radioeléctricos.

11.- Protección medioambiental. Residuos Oleosos. Instalacións MARPOL. Lixos.

12.- Prevención de riscos laborais a bordo. Introducción. Principios da acción preventiva. Factores de risco. Medidas preventivas. Equipos de protección individual.

13.- Sanidade marítima. Nocións de anatomía e fisioloxía. Conduta PAS. Constantes vitais. Hemorrxias, fracturas, feridas, queimaduras. Transporte de feridos e PLS. Hixiene.

14.- Máquinas. Xeneralidades. Motores de combustión interna. Compoñentes do motor diésel. Ciclo de traballo do motor de 4 tempos. Ciclo de traballo do motor de 2 tempos. Circuito de combustible. Bombas de inxección. Sistema de refrixeración. Sistema de lubricación. Propiedades dos lubricantes. Electricidade, acumuladores, baterías. Mantemento básico de motores.

15.- Obxecto social e natureza xurídica da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA). Órganos de dirección e administración da SUPLUSA. A Xunta Xeral e as súas facultades. Consello de Administración de SUPLUSA. Réxime das súas reunións. As súas competencias e funcións. O Presidente de SUPLUSA. As súas facultades. O Xerente de SUPLUSA. As súas funcións.

ANEXO III (TEMARIO MARIÑEIRO/A)

1.- Manobra e goberno dos buques. Elementos de amarre, traballo. Amarras, cabos e manobra. Dar e largar amarras. Manobra de fondeo. Hélices, temón, goberno. Manobras de atraque e desatraque.

2.- Características e dimensións do buque. Características xerais. Dimensións, formas, calados. Obra viva e obra morta. Estabilidade e estiba do buque. Movemento de pesos.

3.- Control de pasaxeiros e tripulación en situacións de emerxencia. Control da emerxencia e comportamento humano. Reacción inicial dos pasaxeiros. Rexistro de zonas e camarotes. Condución do pasaxe. Comunicación visual.

4.- Prevención e loita contra incendios. Natureza e química do lume. Mecanismos de extinción. Axentes de extinción. Sistemas fixos de detección e extinción de incendios a

bordo. Equipos de protección respiratoria. Sinais de alarma.

5.- Abandono do buque e equipos de supervivencia. Preparación o abandono do buque. Permanencia na auga. Embarcacións de supervivencia na mar. Equipos de protección persoal. Equipos de sinais.

6.- Protección medioambiental. Residuos Oleosos. Lixos.

7.- Prevención de riscos laborais a bordo. Introducción. Principios da acción preventiva. Factores de risco. Medidas preventivas. Equipos de protección individual.

8.- Máquinas. Xeneralidades. Motores de combustión interna. Compoñentes do motor diésel. Ciclo de traballo do motor de 4 tempos. Ciclo de traballo do motor de 2 tempos. Circuito de combustible. Bombas de inxección. Sistema de refrixeración. Sistema de lubricación. Propiedades dos lubricantes. Hidráulica. Neumática. Electricidade, acumuladores, baterías. Mantemento básico de motores.

9.- Obxecto social e natureza xurídica da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA). Órganos de dirección e administración da SUPLUSA. A Xunta Xeral e as súas facultades.

10.- Consello de Administración de SUPLUSA. Réxime das súas reunións. As súas competencias e funcións. O Presidente de SUPLUSA. As súas facultades. O Xerente de SUPLUSA. As súas funcións.

ANEXO IV (TEMARIO AZAFATA/O)

1.- O fenómeno turístico e a súa incidencia social e económica na Ribeira Sacra.

2.- Turistas, visitantes e viaxeiros. Información turística. Servizos turísticos complementarios. A oferta e a demanda turística. A estacionalidade.

3.- O protocolo. Concepto de protocolo. Protocolo institucional e empresarial.

2. Comunicación. Comunicación oral e non verbal. Expresión corporal.

4.- Habilidades sociais e atención o cliente. Tratos e presentacións.

5.- Manobra e goberno dos buques. Elementos de amarre, traballo. Amarras, cabos e manobra. Dar e largar amarras. Manobra de fondeo. Hélices, temón, goberno. Manobras de atraque e desatraque.

6.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido.

7.- Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Dereitos e deberes dos cidadáns. Garantías das liberdades e dereitos fundamentais.

8.- O Estatuto de Autonomía para Galicia: Título Preliminar. Competencias de Galicia e o seu réxime xurídico.

9.- Obxecto social e natureza xurídica da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA). Órganos de dirección e administración da SUPLUSA. A Xunta Xeral e as súas facultades.

10.- Consello de Administración de SUPLUSA. Réxime das súas reunións. As súas competencias e funcións. O Presidente de SUPLUSA. As súas facultades. O Xerente de SUPLUSA. As súas funcións.

R. 2007

CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

O Sr. Alcalde, o día 5 de maio, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a lista provisional de admitidos para participar no procedemento para cubrir, por promoción interna, mediante concurso-oposición, unha praza de administrativo (xefe de sección).

Así mesmo, e ao non existir excluídos nin defectos que enmendar, acordou elevar a devandita lista a LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS, nomear o tribunal cualificador e fixar a data e hora de realización do primeiro exercicio, do seguinte xeito:

1. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS:

NOME E APELI DOS	DNI	TEN QUE FACER O EXERCICIO DE GALEGO
FERNÁNDEZ REIJA, ANA JOSEFA	33.328.997L	NON

2. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL:

PRESIDENTE: Ana María Rivas García. Secretaria do Concello de Becerreá.

SECRETARIO: Marco A. García-Gabilán Sangil. Secretario do Concello do Corgo.

1º VOGAL: Mónica Giménez López. Letrada so Servizo de Cooperación coas entidades locais da Deputación Provincial.

2º VOGAL: Severiano Daniel Vázquez Prado. Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

3º VOGAL: Mónica Vázquez Fandiño. Secretaria do Concello de Monterroso

SUPLENTE:

- Begoña Carrasco García. Secretaria do Concello do Páramo.
- José Angel Balseiro Anido. Secretario do Concello de Rábade.

3. DATA E HORA DE CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO:

O primeiro exercicio terá lugar o día 3 de xuño, mércores, ás 16:30 horas no Salón de Sesiós da Casa do Concello do Corgo

As sucesivas publicacións referentes á presente convocatoria realizaranse a través da páxina web www.concellodocorgo.net e no taboleiro de edictos do concello.

O Corgo, 6 de maio de 2015.- O ALCALDE, José Antonio Ferreiro González

R. 1936

Anuncio

A Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aprobou definitivamente a delimitación do núcleo rural de Lago, parroquia de Abragán, Concello do Corgo, por resolución de 29 de xullo de 2014, que contén a seguinte normativa urbanística, disposición de carácter xeral para este núcleo:

"11. ORDENANZAS DO NÚCLEO RURAL DE LAGO.

As condicións de edificación no núcleo delimitado son as establecidas no artigo 29 da LOUGA incluíndo as particularidades descritas a continuación:

11.1. OBXECTIVOS PREVISTOS.

O obxectivo previsto é dotar o núcleo da previsión de solo capaz de acoller a demanda de edificación de vivendas no medio rural, evitando a ocupación diseminada deste.

Ademais tamén se busca a consolidación e estruturación do tecido edificado, e a mellora das condicións de habitabilidade deste núcleo.

Nos núcleos histórico-tradicionais, ou naqueles con ámbito delimitado como tal sendo o núcleo rural complexo estudado, as novas edificacións que se pretendan situar identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente.

11.2. ORDENANZA NO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL.**11.2.1. Ámbito de aplicación.**

Correspóndese coa área delimitada como núcleo rural tradicional en Lago nos planos correspondentes.

A súa vez, as determinacións desta ordenanza relativas aos peches tradicionais, aliñacións, ocupación máxima permitida e condicións estéticas, serán de aplicación no ámbito que se sitúe dentro dos contornos de protección dos elementos recollidos no catálogo, aínda que non estea delimitado como solo de núcleo rural histórico-tradicional.

11.2.2. Condicións de uso.

Os usos serán os establecidos no artigo 25 da LOUGA.

O uso característico no núcleo rural de Lago será o residencial unifamiliar. Usos permitidos, sempre que non se altere a estrutura morfolóxica del asentamento e o novo uso contribúa a revitalizar a vida rural e mellorar o nivel de vida dos seus habitantes, e que en todo caso resulten compatibles con uso principal:

- Agropecuarios, nos termos establecidos pola LOUGA para núcleo rural.
- Terciarios.
- Produtivos.
- Turísticos.
- Pequenos talleres.
- Novas tecnoloxías da información.
- Dotacionais, asistenciais e vinculados con servizos públicos.

Para autorizar as edificacións esixírase ter resoltos, con carácter previo e á conta do promotor, polo menos os servizos de acceso rodado, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais e a subministración de enerxía eléctrica, ou, noutro caso, garantir a execución simultánea coa edificación

11.2.3. Condición de parcela.

Unha vez analizado o parcelario existente dentro do núcleo delimitado, procédese a determinar a parcela mínima edificable en núcleo histórico-tradicional, tendo en conta as características das parcelas existentes co fin de non deixalas fora de ordenación.

Dita parcela mínima caracterízase por ser toda a porción de solo delimitado co fin de facer posible a execución da edificación, conferir autonomía á edificación por unidades de construción, servir de referencia á intensidade da edificación e asegurar a unidade mínima de edificación.

A unidade de parcela resultante da delimitación non terá que ser necesariamente coincidente coa unidade de propiedade.

Dentro do núcleo histórico tradicional a parcela mínima para construír ven determinada pola configuración do parcelario existente e a proximidade das edificacións, que fan que en determinados casos non se acade a parcela mínima proposta, de aí que nestes casos excepcionais se permita reducir a parcela mínima. A parcela mínima determinouse de forma que cumprise co criterio de percentil 50% dentro de delimitado, que se expón no apartado 8.5.4, e axustouse o tamaño mínimo da mesma este indicador, xa que o tamaño do parcelario é elevado.

Da mesma forma establecemos un fronte e un fondo mínimo.

	Núcleo histórico-tradicional
parcela mínima*	1500 m ²
fronte mínimo	10 m
fondo mínimo	20 m

11.2.4. Condición de posición.

Recuamento mínimo: sen prexuízo do cumprimento da lexislación sectorial que fora de aplicación, establécense as seguintes distancias da edificación:

Recuamentos mínimos	
Fachada	4 metros o eixe da vía *
Lindeiros laterais	3 m
Lindeiro posterior	3 m
* nas zonas de núcleo rural consolidadas poderanse manter as aliñacións xa determinadas polas edificacións.	

11.2.5. Condicións de edificabilidade e ocupación.

Para determinar a edificabilidade das parcelas tívose en conta o análise do núcleo, vendo as parcelas xa edificadas e a porcentaxe de edificabilidade e ocupación das parcelas. A media de ocupación e de edificabilidade e de 12% e o 16% respectivamente.

A definición da superficie máxima de ocupación en planta das edificacións ven definida no artigo 11.2.6.1 e a altura máxima das edificacións no artigo 11.2.6.2.

11.2.5.1. Coeficiente de ocupación:

En canto a ocupación máxima da parcela será do **30%**. Consideraranse tódalas edificacións cubertas a efectos do cálculo da ocupación.

11.2.5.2. Coeficiente de edificabilidade:

A edificabilidade máxima será de **0,40 m² edificados/m² solo**. No cálculo da edificabilidade non se terá en conta o aproveitamento baixo cuberta.

11.2.6. Condicións de volume.

11.2.6.1. Volume máximo da edificación:

O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes no núcleo rural. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou da actividade, deberá descompoñerse en dous ou mais volumes conectados entre si, co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías tradicionais propias do medio rural. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

En base o establecido no artigo 29.1.c) da Lei 9/2002 e analizadas as edificacións do núcleo rural defínese unha superficie máxima ocupada para novas edificacións de 120 m², co obxecto de que se garanta o mínimo de impacto visual e estean en harmonía co resto de edificacións. En caso de ser necesaria a superación desta superficie por uso ou actividade, descompoñerase en volumes independentes conectados entre si, co fin de adaptalas as tipoloxías tradicionais do núcleo rural.


Excepcionalmente poderase superar a superficie construída de 120 m² para o cumprimento do disposto na disposición transitoria décimoprimeira da LOUGA para as explotacións agropecuarias existentes, previo informe favorable da Consellería de Cultura.

Nos núcleos histórico-tradicionais, as novas edificacións que se pretendan situar identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente.

11.2.6.2. Altura máxima:

Planta baixa, primeiro andar e permítese o aproveitamento baixo cuberta en uso residencial. A altura de edificación ven definida pola altura de cornixa, entendida como tal a distancia vertical entre a rasante do terreo en contacto coa edificación e a cara inferior do forxado do teito que forma a última planta (non incluída a planta baixo cuberta), medida no punto medio de cada fachada.

A LOUGA determina a altura máxima de edificación (altura de cornixa) de 7 metros, e a altura máxima de cumio será de 4 metros, nembargantes no presente núcleo histórico-tradicional tomarase a altura máxima de referencia como a altura das edificacións tradicionais existentes do contorno, sendo de 7 metros.



11.2.6.3. Pendente máxima de cuberta.

A pendente máxima de cuberta será de 30° e mínima de 18°, de acordo as condicións das edificacións existentes no núcleo, e estará formada por planos continuos sen crebas nas súas vertentes.

11.2.6.4. Aproveitamento baixo cuberta:

Permítese o aproveitamento baixo cuberta para uso residencial. Este deberá ser como prolongación da vivenda inferior, e recibirá a súa iluminación e ventilación polos testeiros e por ventás inclinadas situadas no plano das vertentes das cubertas.

O material que se vai a utilizar na terminación da cubrición será a lousa, segundo a tipoloxía da zona, agás en casos debidamente xustificadas e logo de autorización preceptiva do concello.

Quedan prohibidas as mansardas ou bufardas.

11.2.6.5. Soto:

Enténdese por planta de soto a totalidade ou parte da planta cuxo teito se atopa en tódolos seus puntos por debaixo do terreo en contacto coa edificación.

Non se permite a realización de sotos en solos de núcleo rural tradicional.

11.2.6.6. Semisoto:

É aquela planta da edificación que ten parte da súa altura por debaixo da rasante do terreo en contacto coa edificación e cuxo paramento inferior do forxado de teito atópase a unha altura igual ou inferior a 1,00 metro en calquera punto medido sobre a rasante do terreo en contacto coa edificación.

Non se permite a realización de semisotos en solos de núcleo rural tradicional.

11.2.7. Aliñacións:

No caso de vías e camiños municipais propónse unha aliñación das edificacións que cumpra coas posicións de implantación xa sinaladas nos planos, e que veñen dadas polos viarios existentes. A liña límite de edificación nestes camiños será de catros metros ó eixo da vía, agás nas aliñacións xa consolidadas polas edificacións e

peches tradicionais, que poderá ser menor, predominando a conservación destes elementos. No caso de existir discrepancias entre as alineacións e peches tradicionais grafados e os existentes, atenderase á realidade existente.

11.2.8. Condicións particulares.

11.2.8.1. Tipoloxía:

Edificación illada ou adosada a medianeiras existentes, mantendo as características predominantes do núcleo.

11.2.8.2. Condicións particulares dos usos:

As explotacións gandeiras existentes antes da entrada en vigor da LOUGA seralles de aplicación a disposición transitoria décimo primeira da mesma.

11.2.8.3. Condicións estéticas e de composición:

De cara a unha axeitada integración das novas edificacións e das edificacións existentes e tendo en conta o establecido no artigo 29.1.b) da LOUGA, as novas construcións manterán as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións do lugar, utilizando materiais, cores e formas constructivas tradicionais e comúns do propio asentamento. As características estéticas e constructivas dos materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. En tal sentido, para o acabado das edificacións, empregaranse a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais que harmonicen cos valores naturais, coa paisaxe rural e coas edificacións tradicionais do contorno.

11.2.8.3.1. Fachadas:

As fachadas poden ser de cantería ou cachotería sen revestir, e en caso de utilizar revestimentos estes serán morteiros pintados ou estuco de exterior. En caso de utilizar outro acabado distinto dos indicados será preciso licenza municipal e será preciso a autorización da Consellería competente en materia de patrimonio cultural.

11.2.8.3.2. Carpintería:

A carpintería será preferentemente de madeira pintada ou de aluminio anodizado ou lacado de cores acordes co medio.

Os portóns de acceso a garaxes, alpendres ou outras edificación que dean a espazos públicos serán preferentemente de madeira, aluminio ou chapa de aceiro pintado de acordo co medio.

A disposición, dimensións, tipoloxía e configuración serán as existentes no contorno.

Os elementos de escurecemento serán preferentemente mediante contras interiores de madeira, non permitíndose as persianas exteriores.

11.2.8.3.3. Aleiros:

As súas condicións constructivas serán acordes coa tipoloxía tradicional existente. En ningún caso poderán exceder do plano de fachada elementos estruturais de formigón, nin cornixas, molduras ou elementos decorativos.

De facerse novos remates de chemineas estes harmonizarán cos tipos tradicionais existentes.

Esta determinación é de aplicación no ámbito que se sitúe dentro dos contornos de protección dos elementos recollidos no catálogo, aínda que non estea delimitado como solo de núcleo rural histórico-tradicional.

11.2.8.3.4. Cubertas:

O material de cuberta será a lousa. Excepcionalmente poderase utilizar outro material por razóns xustificadas e trala obtención da licenza municipal, sempre que garanten a adecuación co entorno. Tamén será preciso a autorización da Consellería competente en materia de patrimonio cultural.

As canles e as baixantes vistas non presentarán molduras e serán de chapa metálica (cinc, cobre, ...) con acabado mate e sección preferentemente circular.

11.2.8.3.5. Saíntes:

Os saíntes poderán ser de dous tipos:

- Abertos o estilo das balconadas ou solainas tradicionais.
- Pechados con elementos de carpintería, tipo galería.

11.2.8.4. Segregacións:

Dado o valor patrimonial que presenta o núcleo ó existir elementos patrimoniais ó longo do núcleo rural, e tendo en consideración o apartado 2 do artigo 28 da LOUGA, co fin de non desvirtuar a tipoloxía do núcleo, non se permitirán as segregacións en máis de dúas parcelas do parcelario orixinal, e contarán con unha superficie mínima de 1500 metros cada unha das resultantes. Para realizar dita operación será necesario o correspondente informe favorable da Consellería de Cultura para a súa aprobación.

11.2.8.5. Actuacións na vexetación existente no núcleo:

O arborado existente nun espazo público, aínda que non fora cualificado como zona verde ou espazo de recreo nin estea catalogado, deberá ser protexido e conservado. Cando sexa necesario eliminar algúns exemplares por causa de forza maior imponderable, procurarase que afecten ós exemplares de menor idade e porte.

Cando unha obra poida afectar a algún exemplar arbóreo público ou privado, indicarse na solicitude da licenza correspondente sinalizando a súa situación nos planos do estado actual que se aporten. Nestes casos, garantirase que, durante o transcurso das obras, dotarase ós troncos das árbores dun adecuado recubrimento rixido ata unha altura mínima de 1,80 m. que impida a súa lesión ou deterioro.

11.2.8.6. Acondicionamento dos espazos libre privados:

Salvo determinacións en contra das condicións particulares do uso a que se destinen, os espazos libres privados deberán axardinarse o máximo posible. As construcións destes garantirán a plantación e mantemento dos espazos vexetais, tendo un espesor mínimo da capa de terra vexetal de 0,80 m.

11.2.8.7. Cerramentos:

Os cerramentos serán preferentemente de elementos de cachotería similar ós tradicionais, non permitíndose os cerramentos mediante bloques de formigón, ladrillo ou similares sen revoco.

A altura do pechamento será maior de 1 metro e menor de 1,5 metros.

Tamén se poderán realizar cerramentos de carácter vexetal que conformen un seto ata unha altura máxima de 2 metros.

Prohibirase o derrubo dos peches tradicionais de pedra existente e establecer que os novos peches deberán gardar harmonía cos tradicionais.

Predominará a conservación dos peches ou edificacións tradicionais sobre as aliñacións definidas graficamente.

11.3 NORMATIVA DE PROTECCIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO:

11.3.1. CATÁLOGO DE BENS PROTEXIDOS NO NÚCLEO DE LAGO

O obxecto deste apartado é a protección e conservación dos bens inmobles sobre a base dos seus valores arquitectónicos, urbanísticos, históricos, artísticos, culturais, ambientais e paisaxísticos.

Recolleranse tanto edificios, elementos como de enclaves con Declaración de Ben de Interese Cultural, como de aqueles que se distinguen especialmente polas súas características propias.

A inclusión neste Catálogo dos bens identificados, implica a súa exclusión do réxime xeral de edificación forzosa, á vez que son obxecto de exencións fiscais, subvencións e demais beneficios que a lexislación vixente concede a ditos bens catalogados.

As normas e definicións que se establecen a continuación son complementarias das determinacións particulares e específicas de cada edificio ou elemento incluídas nas correspondentes fichas.

As determinacións que conteñen as fichas do catálogo teñen carácter normativo e constitúen, xunto co apartado de protección do patrimonio cultural, o marco normativo específico de protección do patrimonio cultural establecido polo expediente de delimitación de núcleo rural.

11.3.1.1. Definición xeral dos tipos de obra permitidos nos edificios

Con carácter xeral as obras que se permitan nos elementos catalogados e nos seus ámbitos tenderán a súa conservación e posta en valor, quedando o seu uso subordinado a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa conservación. Establécense os seguinte tipos ou categorías de obras:

- ☐ **Restauración:** Son aquelas obras que teñen por obxecto a restitución dun edificio ou parte do mesmo ao seu estado orixinal. A situación de estado orixinal debe atoparse suficientemente documentada. Poderá comprender así mesmo as obras complementarias que colaboren ao antedito fin. Inclúense dentro deste tipo de obras, entre outras análogas, as de eliminación de elementos estraños engadidos ás fachadas e cubertas dos edificios, a recuperación de cornixas e aleiros suprimidos en intervencións anteriores, a reposición de molduras e ornamentos eliminados nas fachadas, a recuperación das disposicións e ritmos orixinais dos ocós e dos revocos ou a eliminación de falsos teitos e de outros engadidos.
- ☐ **Conservación:** Son aquelas destinadas a cumprir coas obrigas da propiedade no que se refire ás condicións do ornato e hixiene da edificación. Non poden afectar ás características formais dos edificios, non podendo ocasionar alteracións ou substitucións de calquera dos elementos estruturais ou de deseño do mesmo. As obras non afectarán á súa estrutura, á súa distribución interior, nin alterarán as características formais dos edificios protexidos.
- ☐ **Consolidación:** Son aquelas obras que teñen por finalidade o afianzamento, reforzo ou substitución de elementos danados para asegurar a estabilidade dos edificios, con posibles alteracións menores da súa estrutura. Respetarán a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente do edificio.

- **Rehabilitación:** Son aquelas obras que pretenden mellorar as condicións de habitabilidade, dun edificio ou de parte do mesmo, mediante a introdución de novas instalacións, a modernización das existentes ou a redistribución do seu espazo interior, sen intervir sobre as características morfolóxicas ou a estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio. Poderá autorizarse excepcionalmente e de xeito xustificado a apertura de novos ocos e a modificación dos existentes.
- **Reestruturación:** Son aquelas actuacións de renovación ou transformación en edificios inadecuados para un uso específico, polo seu grado de deterioro ou especiais deficiencias arquitectónicas ou funcionais, que supoñan a modificación da configuración arquitectónica e a substitución de elementos da súa estrutura, mantendo en calquera caso os elementos de cerramento que definan o volume e forma do edificio. As ditas obras, poderán comportar a substitución de elementos estruturais, así como a modificación de elementos determinantes de organización tipolóxica, como escaleiras ou patios, ou a redistribución dos espazos interiores.

11.3.1.2. Niveis de protección dos bens catalogados

Establécense tres graos de protección:

- Integral
- Estructural
- Ambiental

En cada un destes graos regúlanse os cambios de uso e as obras a realizar, conforme os tipos de obras definidos nesta Normativa.

Establécense as determinacións específicas para o entorno de protección dos bens protexidos.

Ten por obxecto preservar as características arquitectónicas do edificio, elemento ou enclave catalogado, a súa forma de ocupación do espazo e os demais trazos que contribúen a singularizalo como elemento relevante do patrimonio edificado. Será de aplicación a edificios, elementos e espazos de gran valor arquitectónico ou significación cultural.

Estes bens deberanse manter na súa integridade, tanto no que se refire aos seus elementos orixinais interiores como exteriores, prestando especial respecto ás súas características singulares e procurando a súa recuperación funcional e monumental a través de tódolos medios técnicos posibles.

Obras Permitidas:

Serán as tendentes á conservación e revalorización da edificación, elementos ou agrupación catalogado, dotándoos excepcionalmente do uso ou usos que, sendo compatibles coas súas características e condicións orixinais, garantan mellor a súa permanencia. En consecuencia, permítense obras que teñan por fin o mantemento, é dicir, as de conservación, restauración, consolidación e rehabilitación, esta última soamente no caso de actuacións necesarias para adecuar o edificio a usos dotacionais, preferentemente de carácter público e sempre que non supoñan risco de perda ou dano aos valores que motivaron a súa protección integral.

Autorizaranse, con carácter xeral, os seguintes tipos de obras, afectando á totalidade ou a parte do elemento:

- Conservación ou mantemento.
- Consolidación
- Restauración.

Condicións de edificación na parcela dos bens catalogados:

Poderanse proxectar novas edificacións na parcela debendo adaptarse as súas condicións ás establecidas na normativa e as seguintes limitacións:

- a) A posibilidade de realizar unha nova edificación na parcela estará en todo momento supeditada á conservación dos valores do elemento catalogado e á obtención da correspondente autorización da Consellería de Cultura.
- b) O novo volume non significará segregación ou parcelación urbanística; a súa altura non excederá dos 7 metros, manterá unha relación harmónica cos elementos protexidos e deberá dispoñerse exento dos elementos ou edificacións protexidas respectando en todo caso as zonas axardinadas e os elementos vexetais protexidos.

Os usos, tanto das edificacións protexidas coma das novas que poidan surdir, serán compatibles cos valores do elemento a protexer e estarán condicionados polos tipos de obras permitidos en función do nivel de protección e supeditados á obtención da correspondente autorización da Consellería de Cultura.

Seguimento municipal das obras:

O Concello exercerá en todo momento as labores de control e seguimento das obras que se realicen nos bens culturais catalogados baixo unha protección integral a fin de comprobar que a intervención á que está sendo sometido o ben se adecúa ao proxecto de obra aprobado polos organismos competentes de ámbito municipal e autonómicos.

11.3.1.2.2. Protección Estrutural

Ten por obxecto a conservación daqueles edificios, elementos e enclaves que se singularizan polo seu valor cultural, histórico e artístico, ou a súa calidade arquitectónica, construtiva ou tipolóxica dentro do edificio no núcleo rural.

Esta protección correspóndelle cos bens culturais de elevado valor histórico, artístico, arquitectónico, pintoresco, típico ou ambiental que, polas súas características obxectivas, merecen ser conservados.

A súa estrutura deberá conservarse por medio de tratamentos específicos que garantan o mantemento das súas condicións volumétricas, tipolóxicas e ambientais, sen prexuízo de que se realicen obras de adaptación e mellora que sexan compatibles cos usos autorizados en base á súa estrutura e función.

Obras Permitidas:

As obras permitidas serán as tendentes á súa conservación mellorando as súas condicións de habitabilidade ou uso, mantendo a configuración estrutural, a envolvente exterior e os seus elementos significativos. En consecuencia, permítense obras de conservación, restauración, consolidación e rehabilitación e, de xeito excepcional e xustificando, obras de reestruturación que non supoñan risco de perda ou dano dos valores que motivan a protección estrutural do edificio ou elemento.

Autorizaranse con carácter xeral, os seguintes tipos de obras:

- ☐ Conservación.
- ☐ Consolidación
- ☐ Restauración.
- ☐ Rehabilitación.

As actuacións nas edificacións con protección estrutural deberá conservar en todo caso, a tipoloxía do edificio protexido.

Condicións de edificación na parcela dos bens catalogados:

Poderanse proxectar novas edificacións na parcela debendo adaptarse as súas condicións ás establecidas na normativa e as seguintes limitacións:

a) A posibilidade de realizar unha nova edificación na parcela estará en todo momento supeditada á conservación dos valores do elemento catalogado e á obtención da correspondente autorización da Consellería de Cultura.

b) O novo volume non significará segregación ou parcelación urbanística; a súa altura non excederá dos 7 metros, manterá unha relación harmónica cos elementos protexidos e deberá dispoñerse exento dos elementos ou edificacións protexidas respectando en todo caso as zonas axardinadas e os elementos vexetais protexidos.

Os usos, tanto das edificacións protexidas coma das novas que poidan surdir, serán compatibles cos valores do elemento a protexer e estarán condicionados polos tipos de obras permitidos en función do nivel de protección e supeditados á obtención da correspondente autorización da Consellería de Cultura.

Seguimento municipal das obras:

O Concello exercerá en todo momento as labores de control e seguimento das obras que se realicen nos bens culturais catalogados baixo unha protección integral a fin de comprobar que a intervención á que está sendo sometido o ben se adecúa ao proxecto de obra aprobado polos organismos competentes de ámbito municipal e autonómicos.

11.3.1.2.3. Protección Ambiental

Os edificios que así se recollan no catálogo e que, ben illados ou ben en conxuntos, conformen tramos ou áreas arquitectónicas de calidade en bo ou regular estado de conservación, aínda que individualmente non presenten notables valores arquitectónicos.

Correspóndese cos bens culturais que presentan un valor arquitectónico, decorativo, tradicional, pintoresco ou ambiental que polas súas características exteriores ou pola súa tipoloxía, ou ben por constituír pezas singulares dun escenario urbano ou rural concreto, é preciso conservar polos seus aportes ambientais, estéticos e históricos que contén. Estes bens admiten importantes intervencións naqueles aspectos susceptibles de mellora que non contradigan o obxectivo da súa catalogación.

Tamén, e de forma xenérica, os elementos incluídos nos contornos de protección dos elementos catalogados gozarán dunha protección ambiental, previndo así normativamente as medidas necesarias para a protección tipolóxica, morfolóxica, conservación, recuperación ou aproveitamento do patrimonio.

Obras Permitidas:

Poderanse efectuar as obras que teñan por obxecto adecualos aos usos e costumes actuais, sen perda dos valores ambientais e tipolóxicos que posúen.

Autorizaranse con carácter xeral, os seguintes tipos de obras:

- ☐ Conservación ou mantemento.
- ☐ Consolidación.
- ☐ Restauración.
- ☐ Rehabilitación.
- ☐ Reestruturación.

Excepcionalmente poderán autorizarse obras de reforma e/ou ampliación e derrubas parciais coas limitacións e directrices que puidera establecer a ficha correspondente do Catálogo.

As derrubas parciais se realizarán sempre que sexan para eliminar elementos discordantes dos bens protexidos e restituir o carácter orixinal e serán previamente autorizados pola Consellería competente en materia de patrimonio cultural

Condições de edificación na parcela dos bens catalogados:

Poderanse proxectar novas edificacións na parcela debendo adaptarse as súas condicións ás establecidas na normativa e as seguintes limitacións:

i. A posibilidade de realizar unha nova edificación na parcela estará en todo momento supeditada á conservación dos valores do elemento catalogado e á obtención da correspondente autorización da Consellería de Cultura.

ii. O novo volume non significará segregación ou parcelación urbanística; a súa altura non excederá dos 7 metros, manterá unha relación harmónica cos elementos protexidos e deberá dispoñerse exento dos elementos ou edificacións protexidas respectando en todo caso as zonas axardinadas e os elementos vexetais protexidos.

Os usos, tanto das edificacións protexidas coma das novas que poidan surdir, serán compatibles cos valores do elemento a protexer e estarán condicionados polos tipos de obras permitidos en función do nivel de protección e supeditados á obtención do correspondente autorización da Consellería de Cultura.

11.3.1.3. Contornos de protección

No contorno dos bens culturais, calquera intervención precisará da autorización preceptiva do órgano competente da Consellería de Cultura, nos termos dispostos na lexislación do patrimonio cultural de Galicia, fíxase unha franxa que se delimita no plano de ordenación e nas fichas do Catálogo. Esta franxa está indicada ó estar delimitado un contorno gráfico nunha soa envolvente definida polos bens culturais e tal como figura en planos.

No contorno de protección dos bens protexidos haberá que solicitar autorización para:

- Tódalas obras de nova edificacións, construción ou instalación incluíndo as de carácter provisional.
- Tódalas obras (de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación ou ampliación) ou calquera outra intervención en edificios existentes que se manifeste ao exterior (espazo público ou privado).
- As intervencións sobre a estrutura parcelaria existente (agregacións ou segregacións), os elementos constructivos configuradores da paisaxe ou do espazo urbano (peches, noiros, ...) ou a topografía existente (movementos de terras).
- Os proxectos de urbanización.
- Aquelas actividades ou usos suxeitos a licenza municipal con incidencia sobre os bens protexidos.
- As repoboacións forestais e as talas que pola superficie afectada teñan incidencia territorial.

11.3.1.4. Criterios xerais de intervención

Os criterios que se enuncian a continuación considéranse complementarios dos indicados en cada ficha do Catálogo de Bens Protexidos.

1.- Tratamento en obras de reforma e rehabilitación.

Esixirase a clara distinción entre os elementos que se conservan e os de nova incorporación co obxecto de non desvirtuar os elementos xenuínos. Recuperaranse os elementos arquitectónicos e arqueolóxicos de interese.

Recuperaranse os elementos e materiais de valor que poidan ser reutilizables na obra de reforma, co obxecto de manter o carácter da arquitectura tradicional. En especial os seguintes: cerramentos, cubertas, carpintería exterior, carpintería interior, solados, chemineas, escaleiras, acabados interiores, elementos ornamentais, cerrallería.

A incorporación de novos materiais será acorde cos que permanecen por conservación ou ben por contraste cos mesmos.

2.- Tratamento de fachadas.

As obras de reestruturación de fachadas tenderá á recuperación do carácter primitivo da edificación, suprimindo aqueles elementos disonantes co valor arquitectónico da edificación.

3.- Obras en cuberta.

O tratamento das mesmas axustarase ao establecido nesta Normativa. Recuperaranse os materiais empregables co obxecto de afectar o menos posible ó carácter primitivo da edificación.

4.- Cautelas arqueolóxicas.

Calquera dos bens de carácter etnográfico que constitúan restos físicos do pasado tecnolóxico son susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, polo que lles será de aplicación ó disposto na Lei 8/1995, de Patrimonio Cultural de Galicia.

O núcleo estudado non dispón de evidencias da existencia de restos arqueolóxicos. Se existise algún vistixio é conveniente establecer cautelas arqueolóxicas para calquera intervención que se produza no ámbito xeográfico. A consellería de Cultura será a que estableza as ditas cautelas, segundo o tipo de actuación que se leve a cabo.

11.3.1.5. Mantemento de elementos de interese en edificios protexidos.

As actuacións nos edificios protexidos defínense segundo as obras permitidas en cada nivel de protección, onde non se contemplan as obras parciais de derruba, senon que as de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación, reestruturación e ampliación.

11.3.1.6. Obras permitidas e criterios de intervención específicos de cada edificio catalogado.

As obras permitidas e os criterios de intervención para cada edificio catalogado serán as recollidas nas fichas do Catálogo. O seu alcance rexerase polas definicións de cada obra sinaladas nesta Normativa.

11.3.1.7. Deber de conservación dos bens catalogados.

A catalogación dun ben inmovible comporta a obrigação da súa conservación, protección e custodia tanto para o propietario como para a Administración na parte que lle corresponda.

Corresponde á Administración, en base á existencia de razóns de utilidade pública ou interese social, a tutela e a vixilancia para o cumprimento das obrigacións dos propietarios, así como en aplicación da lexislación urbanística, a aportación complementaria necesaria por encima do límite do deber de conservación daqueles e a adopción das medidas legais precisas para garantir a permanencia dos bens catalogados.

11.3.1.8. Condicións específicas da edificación para os bens catalogados.

Os edificios con protección integral ou estrutural quedan excluídos da aplicación das condicións de volume correspondentes á zona de ordenanza onde se atope.

En caso de permitirse o aumento de volume en edificios, o novo edificio axustarase ás condicións volumétricas establecidas na zona de ordenanza, respectando as condicións particulares que lle asigne a ficha correspondente ó elemento catalogado.

Os bens incluídos no catálogo, con independencia do ordenación que lles afecte, non quedarán en ningún caso suxeitos ao réxime de fora de ordenación, sen prexuízo de que os engadidos que presenten e que os desvirtúen queden fora de ordenación.

11.3.1.9. Autorización previa.

Calquera intervención que afecte a un ben incluído no Catálogo ou o seu entorno de protección requirirá a preceptiva autorización da Consellería de Cultura, independentemente do grao de protección asignado ó elemento, conforme a Lei 8/1995, de Patrimonio Cultural de Galicia.

11.3.1.10. Tramitación das obras en edificios catalogados.

Como Norma xeral para a solicitude e concesión de licenza de obras en edificios e elementos de interese catalogados esixirase a documentación técnica e requisitos necesarios segundo o alcance e tipo de obras a realizar, de acordo co sinalado nesta Normativa para cada tipo de obra.

As obras que afecten ós Bens de Interese Cultural ou ós seus entornos, deberán contar previamente á concesión de licenza municipal, coa autorización da Consellería de Cultura, de acordo co establecido na Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia.

11.3.1.11. Modificacións do Catálogo.

O réxime de inclusión e exclusión de elementos realizarase a través dunha modificación puntual do proxecto de Delimitación de Núcleo Rural o cal, de acordo coa Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia, requirirá informe favorable da Consellería de Cultura.

1.- Inclusiones:

Para a inclusión dun novo elemento no Catálogo, deberá elaborarse un informe polo técnico que designe o Concello, indicando as características do edificio, elemento ou enclave que aconsellen a súa protección, así como o nivel adecuado desta.

Dito informe trala aprobación polo Concello, será remitido ó Órgano competente da Consellería de Cultura que informará sobre a procedencia ou non da inclusión. A aprobación definitiva da inclusión do novo elemento no catálogo, corresponderalle ó concello.

2.- Exclusiones:

Para a exclusión dun elemento xa catalogado deberá presentarse pola propiedade da mesma, solicitude ó respecto, firmada por un técnico competente, indicando o por qué da non vixencia das razóns que serviron para a súa catalogación. Dito informe, unha vez corroborado polo técnico municipal competente e aprobado polo concello, será elevado ó Órgano competente da Consellería de Cultura, que informará sobre a procedencia ou non da exclusión. A exclusión nunca poderá basearse na declaración de ruína.

O procedemento de exclusión dun elemento do catálogo tamén poderá ser iniciado de oficio polo concello.

3.- Modificacións das condicións de protección:

Para a modificación das condicións de protección en xeral ou dalgunha das pezas en particular, procederase de igual forma que o prescrito no apartado anterior para as exclusiones.

11.3.1.12. Elementos catalogados no núcleo estudado.

En cumprimento do artigo 53 f) da LOUGA, e dado que o concello de O Corgo, dispón de catálogo de bens a protexer, aprobado e informado favorablemente pola Comisión Territorial de Patrimonio Histórico, en sesión de 29 de Xuño de 2006, e polo Delegado Provincial da Consellería de Cultura o 5 de Xullo de 2006, e no presente núcleo terase que incidir nos seguintes bens, en arranxo á seguinte estrutura:

1- Arquitectura popular:

- Arquitectura Popular (Vivenda tradicional I).
- Arquitectura Popular (Vivenda tradicional II)."

Contra a presente normativa poderá interporse recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sito en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación deste edicto, de conformidade co establecido no Art. 107, nº 3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común en relación co Art. 10.1.b da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O Corgo, 5 de maio de 2015.- O alcalde, José Antonio Ferreiro Glez, O secretario, Marco A. García-Gabilán Sangil

R. 1937

Anuncio

A Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aprobou definitivamente a delimitación do núcleo rural de Bergazo, parroquia de San Fiz de Bergazo, Concello do Corgo, por resolución de 29 de setembro de 2014, que contén a seguinte normativa urbanística, disposición de carácter xeral para este núcleo:

"2.2 RÉXIME NORMATIVO

Finalizada a tramitación administrativa de aprobación definitiva do Expediente de Delimitación, ó réxime urbanístico no solo de núcleo rural delimitado, cumprirá as disposicións establecidas ó respecto pola LOUG 9/2002, e, no que non se opón á mesma ou resulte máis limitativo, polas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial [NCSPP] . Sen prexuízo do anterior, no ámbito delimitado serán de aplicación as Condicións Específicas en Solo de Núcleo Rural Histórico-Tradicional e Común, para os terreos designados en **Anexo I**, descrita nos apartados que segue.

2.3 REGULACIÓN EN SOLO DE NÚCLEO RURAL HISTÓRICO TRADICIONAL

2.3.1 CONDICIÓN DE USO

USO CARACTERÍSTICO.- O uso característico será o residencial, no que se determinan tres categorías:

[Residencial illada aberta: Edificación que acolle unha vivenda na que tódolos seus paramentos de cerramento exterior son exentos con posibilidade de abrir luces.

[Residencial illada cuasiaberta: Edificación que acolle unha vivenda na que, alomenos, tres dos seus paramentos de cerramento exterior son exentos con posibilidade de abrir luces.

[**Residencial acaroada**: Edificación que acolle dúas vivendas que comparten medianeira común, agás ésta, os restantes paramentos de cerramento exterior son exentos con posibilidade de abrir luces.

No que se refire ós usos admitidos non correspondentes ó característico, como demais condicións de uso, estarase ó disposto nos artigos do 25 ó 28 da LOUG 9/2002.

2.3.2 CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN

Establécense as seguintes condicións específicas:

POSICIÓN.-Cando unha nova edificación quixese acaroarse á outra xa existente, o fará situando o plano que define o seu paramento de cerramento frontal [cerramento enfrentado a vía ou espazo público) en continuidade con aquel correspondente da edificación existente á que se acaroa; ó anterior, non excedendo, en ningún caso, da aliñación viaria definida en plano de organización espacial. No resto dos casos, en novas edificacións será de cumprimento un recuamento mínimo de 4 (m) á vía de acceso, medidos dende o eixo desta ó plano vertical definido polo paramento de cerramento frontal da edificación, non excedendo, en ningún caso, da aliñación viaria definida en plano de organización espacial e priorizando, se fora o caso, a prevalencia da conservación dos muros tradicionais existentes.

Respecto ao lindeiro posterior en novas edificacións, determínase un recuamento mínimo de 3 (m), medidos dende o lindeiro ó plano vertical definido polo paramento de cerramento posterior que corresponda da edificación

No caso de que se desexase recuar as novas edificacións a lindeiros laterais, o recuamento mínimo obrigatorio será de 3 (m), medidos dende o lindeiro ó plano vertical definido polo paramento de cerramento lateral que corresponda da nova edificación.

PARCELA EDIFICABLE.- Determínase unha parcela mínima de 300 (m²) para os terreos designados como T3, T10, T17 e T22, e de 500 (m²) para os restantes terreos identificados. Cumpríranse as parcelas mínimas descritas, agás casos excepcionais debidamente xustificadas de parcelas de cabida inferior ás determinadas que se localizasen entre outras xa edificadas que imposibiliten alcanza-la parcela mínima fixada polo Expediente de Delimitación; neste caso, computarán, igualmente, como parcelas edificables.

FRENTE MÍNIMO.- Establécese un frente mínimo de parcela edificable, de 10 (m), agás no caso dos terreos designados como T17 e T25 que teñen imposibilitado alcanzar o referido valor mínimo pola inmediatez de edificacións existentes. Por conseguinte, sendo un caso excepcional, admítase a condición de parcela edificable para os terreos designados como T17 e T25 co frente a vía pública existente antes da aprobación deste Expediente de Delimitación.

No ámbito do núcleo rural delimitado polo Expediente de Delimitación, non se permitirá a agregación nin segregación do parcelario sen que previamente informase favorablemente sobre iso o órgano autonómico competente en materia de patrimonio cultural.

OCUPACIÓN.- Establécese unha ocupación pola edificación máxima xenérica para os terreos baixo a categoría de solo de núcleo rural histórico-tradicional, do 50 (%). Nos terreos xa edificadas nos que se exceda deste parámetro admisible [terreos designados como T9, T13, T16, T21 e T22] o valor máximo de ocupación corresponderase ca ocupación que resulta das edificacións existentes indicada en ficha específica aportada no Anexo I, para o cal admitirase o seu cómputo como parcela edificable; estes valores de ocupación indicados, son máximos, non poderán ser excedidos en ningún caso.

EDIFICABILIDADE.- Determínase unha edificabilidade máxima xenérica para os terreos baixo solo de núcleo rural histórico-tradicional, de 0,60 (m²/m²) Nos terreos xa edificadas nos que se exceda deste parámetro admisible [terreos designados como T9, T13, T16, T19, T21, T22 e T26] o valor máximo de edificabilidade corresponderase con aquel que resulta das edificacións existentes indicada en ficha específica aportada no Anexo I, para o cal admitirase o seu cómputo como parcela edificable; estes valores de edificabilidade, son máximos, non podendo ser excedidos en ningún caso.

ALTURA DE EDIFICACIÓN.-Cando unha edificación en nova quixese acaroarse a outra xa existente, o fará igualando á altura de edificación daquela existente á que se acaroa, para uniformizalo frente de alturas que conforman. Nos restantes casos, a altura de edificación non excederá de 6 (m) cando a esta se proxecta en dúas plantas (planta baixa e planta primeira) e de 3,5 (m) no caso de que a edificación sexa de planta única (planta baixa).A altura de edificación medirase no centro de tódalas fachadas, dende a rasante natural do terreo ó arranque inferior da vertente da cuberta.

CONSTRUCCIÓN POR RIBA DA ALTURA DE EDIFICACIÓN. -As cubertas solucionaranse en faldóns sempre inclinados cun ángulo respecto da proxección horizontal non superior a 30°, e altura de cumio [medida dende a altura de edificación o cumio da cuberta] non superior a 2,4 (m), en disposición a dúas ou catro augas e sen quebras nas vertentes. Ó anterior será de aplicación nas edificacións en nova planta, agás cando se tiveran que acaroar a edificacións xa existentes; neste caso, o cumio de cuberta da edificación en nova planta igualará en altura ó cumio daquela xa existente. Nos faldóns de cuberta, non se permite a construción de bufardas nin terrazas interiores, pero si a apertura de luces conforme o plano definido polos faldóns de cuberta.

No restante, estarase ó disposto ao respecto na LOUG 9/2002.

2.3.3 CONDICIÓN DE HARMONIZACIÓN TIPOLOXICA

Establécense as seguintes condicións específicas:

[As novas construcións manterán as condicións ambientais do núcleo rural, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións existentes, identificándose coas características propias do lugar; iso, configurando un criterio xeral de integración no entorno, respondendo no seu deseño e composición ás características predominantes no ambiente sobre as que teñan que emprazarse. As solucións formais poñerán especial coidado en harmonizar materiais, cubertas, cornixas e posición de forxados, dimensións de ocos macizos, cor ou detalles arquitectónicos coa construción histórica preexistente, especialmente no caso de situarse xunto a edificacións suxeitas a normativa de protección.

[Non se permitirán entreplantas.

[No cerramento de fachadas prevalecerá o emprego de pedra conforme o aparello e despezo tradicional, admitíndose calquera outra fábrica sempre e cando quede debidamente revestida acorde o entorno rural no que se empraza.

[Os ocos nos paramentos de cerramento exterior, rexeranse por criterios de racionalidade e normalización, para que se integren na composición dos devantidos cerramentos. En tódolos casos, os ocos serán cadrados ou rectangulares.

[Quedarán prohibidas as ramplas de acceso a sotos, o seu acceso se resolverá dende o interior da edificación.

[Os semisotos computarán como planta para os efectos do cumprimento da altura máxima da edificación.

[No se permitirán escaleiras de acceso exterior a plantas superiores a baixa. O acceso á planta primeira, en edificacións de dúas plantas, realizarase ao interior das mesmas dende a planta baixa.

[Poñerase coidado especial na calidade, emprego e cor dos materiais dos parámetros exteriores e da cuberta, utilizándose gamas de cor segundo o denominante do núcleo rural.

[Para a carpintería exterior empregarase preferentemente a madeira, en rematado natural ou con lasures e aceites. Poderán autorizarse carpinterías metálicas sen molduras e con rematado lacado que non desharmonice co ámbito tradicional

[Na nova edificación prohibese totalmente a formación de corpos voados pechados a partir do paramento de fachada; agás, elementos de cubrición (as pezas de lousa), o taboleiro soporte das pezas de lousa e os elementos estruturais lixeiros de carácter lineal que conformen a estrutura da cuberta conforme as tipoloxías tradicionais.

[Os canalóns e baixantes executaranse en cobre ou zinc.

[Quedarán prohibidas as cubertas planas.

[Nas cubertas empregaranse coberturas con lousas de pizarra, agás cando por carácter emblemático ou por coherencia construtiva, demostrárase debidamente a necesidade do emprego doutro material de cobertura diferente; que, en calquera caso, mimetizará en tonalidade ca pizarra.

As saídas de ventilación por riba dos planos definidos polos faldóns da cuberta, solucionaranse –en estética e materiais– co mesmo tratamento cos paramentos de cerramento exterior, evitando elementos metálicos ou prefabricados disconformes ca tipoloxía tradicional.

[Nos cerramentos de parcela empregarase pedra vista co aparello e despezo tradicional, admitíndose calquera outra fábrica sempre e cando quede debidamente revestida acorde o entorno rural no que se empraza. A altura máxima dos cerramentos de parcela será 1,2 (m), medido desde a rasante da vía ou espazo públicos. Dende esta altura, non se poderán dispoñer materias de cerramentos complementarios como mallas metálicas ou similar.

[No terreo edificable procurarase a equidade entre a edificación e a superficie pavimentada con firmes pétreos ou de formigón, para garantir a accesibilidade e mobilidade, pero, á vez, respetuosa coa presenza de superficie vexetal ou destinada a horta. Polo anterior, a pavimentación de firmes limitarase a un 20% da cabida do terreo edificable e non superará en ningún caso unha superficie de 150 m².

No tocante a presenza de especies arbóreas no terreo, estarase ó cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de montes e defensa contra incendios forestais, e na demais normativa que fora de aplicación.

[No referente os bens con catalogación cultural por este Expediente de Delimitación, atenderase o regulamento específico recollido no apartado 2.5.

2.3.4 CONDICIÓN DE PROTECCIÓN AMBIENTAL

Establécense as seguintes condicións específicas:

ABASTECIMENTO DE AUGA.- Con carácter xeral será preciso manter as condicións de potabilidade esixidas para o abastecemento de auga ó núcleo rural delimitado. Polo anterior, non se autorizarán actividades nocivas e insalubres, que puideran xerar contaminación por vertidos.

SANEAMENTO.- Para a solicitude de licencia dunha edificación, verificarase a integridade do proxecto no que se refire a definición das instalacións necesarias para a recollida, evacuación e tratamentos dos efluentes residuais xerados pola actividade; como, asemade, a adopción de medidas para evita-lo grado de contaminación non admisible, tanto das augas superficiais como das soterradas. Queda prohibido o vertido directo ou indirecto de augas e de produtos residuais que puideran contamina-las augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, ca salvedade de obtela preceptiva autorización administrativa. Os vertidos de augas residuais requirirán, polo tanto, a previa autorización de organismo de Conca que corresponda, polo que o titular das instalacións deberá formular a correspondente solicitude de autorización acompañada da documentación técnica na que se definirán as características das instalacións de tratamento e os parámetros límite de efluente resultante. Ó anterior, atendendo as disposicións recollidas na lexislación ou normativa de aplicación en materia de augas.

RESIDUOS SÓLIDOS.- Os residuos sólidos xerados fruto da actividade, xestionaranse conforme a lexislación sectorial vixente e procurando, en calquera caso, a evitación de vertedoiros que xeren un impacto indeseable no entorno.

2.3.5 OBTENCIÓN DE TERREOS PARA REGULARIZACIÓN DA REDE VIARIA PÚBLICA

No ámbito obxecto de Expediente de Delimitación, a obtención de terreos privados para a regularización da rede viaria pública, realizarase polo mecanismo de expropiación forzosa; ó anterior, sen menoscabo de que, de acordo co marco legal establecido en artigos 124 e 166 da LOUG 9/2002, houbera resolución ulterior de proceder por outro mecanismo de obtención de terreos conveniado entre as partes intervincentes.

2.4 REGULACIÓN EN SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN

2.4.1 CONDICIÓN DE USO

USO CARACTERÍSTICO.- O uso característico será o residencial, no que se determina unicamente a categoría de:

[Residencial illada aberta: Edificación que acolle unha vivenda na que tódolos seus paramentos de cerramento exterior son exentos con posibilidade de abrir luces.

No que se refire ós usos admitidos non correspondentes ó característico, como demais condicións de uso, estarase ó disposto nos artigos do 25 ó 28 da LOUG 9/2002.

2.4.2 CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN

Establécense as seguintes condicións específicas:

POSICIÓN.- Non se determina recuamento da edificación ao respecto da aliñación viaria definida en plano de organización espacial específico, en calquera caso, no poderá exceder dela.

Respecto aos lindeiro posterior e laterais en novas edificacións, determínase un recuamento mínimo de 3 (m), medidos dende o lindeiro ó plano vertical definido polo paramento de cerramento posterior que corresponda da edificación.

PARCELA EDIFICABLE.- Determínase unha parcela mínima de 700 (m²). Non se admitirán operacións de segregación dos terreos, agás aquelas necesarias para a regularización e ampliación da rede viario pública.

FRENTE MÍNIMO.- Establécese un frente mínimo de parcela edificable, de 15 (m). No ámbito do núcleo rural delimitado polo Expediente de Delimitación, non se permitirá a agregación do parcelario sen que previamente informase favorablemente sobre iso o órgano autonómico competente en materia de patrimonio cultural.

OCUPACIÓN.- Establécese una ocupación pola edificación máxima xenérica para os terreos baixo a categoría de solo de núcleo rural común, do 30 (%).

EDIFICABILIDADE.- Determínase unha edificabilidade máxima xenérica para os terreos baixo solo de núcleo rural común, de 0,45 (m²/m²).

ALTURA DE EDIFICACIÓN.- A altura de edificación non excederá de 7 (m) cando a esta se proxecte en dúas plantas (planta baixa e planta primeira) e de 3,5 (m) no caso de que a edificación sexa de planta única (planta baixa). A altura de edificación medirase no centro de tódalas fachadas, dende a rasante natural do terreo ó arranque inferior da vertente da cuberta.

CONSTRUCCIÓN POR RIBA DA ALTURA DE EDIFICACIÓN.- As cubertas solucionarase en faldóns sempre inclinados cun ángulo respecto da proxección horizontal non superior a 35°, e altura de cumio [medida dende a altura de edificación o cumio da cuberta] non superior a 2,9 (m), en disposición a dúas ou catro augas

e sen quebras nas vertentes. Nos faldóns de cuberta, non se permite a construción de bufardas nin terrazas interiores, pero si a apertura de luces conforme o plano definido polos faldóns de cuberta. No restante, estarase o disposto ao respecto na LOUG 9/2002.

2.4.3 CONDICIÓNS DE HARMONIZACIÓN TIPOLOXICA

Corresponderanse cas determinadas para a categoría de solo de núcleo rural histórico-tradicional.

2.4.4 CONDICIÓNS DE PROTECCIÓN AMBIENTAL

Corresponderanse cas determinadas para a categoría de solo de núcleo rural histórico-tradicional.

2.4.5 OBTENCIÓN DE TERREOS PARA REGULARIZACIÓN DA REDE VIARIA PÚBLICA

No ámbito obxecto de Expediente de Delimitación, a obtención de terreos privados para regularización da rede viaria pública, realizarase polo mecanismo de expropiación forzosa; ó anterior, sen menoscabo de que, de acordo co marco legal establecido en artigos 124 e 166 da LOUG 9/2002, houbera resolución ulterior de proceder por outro mecanismo de obtención de terreos conveniado entre as partes intervincentes.

2.5 REGULACIÓN ESPECÍFICA DO PATRIMONIO CULTURAL CATALOGADO NORMATIVA DE APLICACIÓN

Estarase, entre outra, as disposicións legais recollidas na normativa sectorial en materia de protección cultural que segue:

[Decreto 571/63, sobre protección de cruceiros, escudos, emblemas, etc.

[Decreto 449/73 sobre protección de hórreos e cabazos.

[Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.

[Decreto 430/1991, de 30 de Decembro, polo que se Regula a Tramitación para a Declaración de Bens de Interese Cultural de Galicia e se Crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural para Galicia.

[Lei 8/1995 sobre Patrimonio Cultural de Galicia.

[Decreto 232/2008, de 2 de Outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

BENS CATALOGADOS

O Expediente de Delimitación determina catalogación cultural do:

[Asentamento Rural Tradicional de Bergazo [CX-01]

[Mina de Auga e Muro Tradicional [B-01]

[Edificación Tradicional [B-02]

CONDICIÓNS XERAIS

En cumprimento do recollido no artigo 9 do Decreto 232/2008, de 2 de Outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, o Catálogo de Bens con Valor Cultural aportado no presente Expediente de Delimitación, incluírase no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

Establécense, as seguintes, condicións determinativas:

[Calquera intervención nun ben catalogado no Expediente de Delimitación, así como, no contorno de protección determinado para o mesmo, estará supeditada á necesaria autorización do organismo autonómico de control competente en materia de patrimonio cultural; ó anterior, independentemente do nivel de protección establecido polo Expediente de Delimitación e conforme ó disposto nos artigos 37, 52 y 54 da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.

[Nos frentes dos terreos que dan ás vías de acceso, prevalecerá a conservación dos muros tradicionais existentes sobre as aliñacións viarias determinadas.

[A tódolos bens declarados Bens de Interese Cultural [BIC], lles será de aplicación o réxime establecido no capítulo II da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.

[Cando puidera producirse afección ós bens catalogados pola previsión ou ampliación dalgún servizo, será necesario que o proxecto técnico correspondente faga as consideracións oportunas para evita-la perda ou minusvalía dos valores determinativos da protección dos citados bens; ó anterior ca necesaria autorización do organismo autonómico competente en materia de patrimonio cultural.

[Mediante a aplicación do Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, quedan protexidos os hórreos, "cabazos", "cabaceiros" e "canastros" de máis de 100 anos de antigüidade, e mediante o Decreto 571/1963, do 14 de marzo, os escudos, emblemas, pedras heráldicas, "cruceiros" e pezas similares de interese histórico - artístico de máis de 100 anos. Tendo a consideración de Bens de Interese Cultural pola disposición adicional segunda da Lei 16/85, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

DEFINIÇÕES DAS OBRAS PERMITIDAS

[Conservación: Obras encamiñadas a cumprir coas obrigas da propiedade no que se refire ás condicións de ornato e hixiene na edificación. Non poden afectar á distribución interior, ás características formais nin á estrutura do edificio, non podendo ocasionar alteracións ou substitucións de calquera dos elementos estruturais ou de deseño deste.

[Restauración: Obras que teñen por obxecto a restitución dun edificio ou parte deste ao seu estado orixinal. A situación do estado orixinal debe de encontrarse suficientemente documentada. Poderase comprender, así mesmo, dentro das obras, aquelas complementarias que colaboren co anteriormente exposto. Inclúense dentro deste tipo de obras, entre outras análogas, as de eliminación de elementos estranos engadidos ás fachadas e cubertas dos edificios, a recuperación de cornixas e aleiros suprimidos en intervencións anteriores, a reposición de molduras e ornamentos eliminados nas fachadas, a recuperación das disposicións e ritmos orixinais de ocos e de revocaduras ou eliminación de falsos teitos e doutros engadidos.

[Consolidación: Obras que teñen por finalidade o afianzamento, reforzo ou substitución de elementos danados para asegurar a estabilidade do edificio, con posibles alteracións menores da súa estrutura. Respetarán a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente do edificio.

[Rehabilitación: Obras que pretenden mellorar as condicións de habitabilidade e accesibilidade, dun edificio ou parte deste, mediante a introducción de novas instalacións, a modernización das existentes ou a introdución de pequenas modificacións na distribución do seu espazo interior, sen intervir nas características morfolóxicas ou da estrutura portante, nin alterar a envolvente do edificio. Poderanse autorizar excepcionalmente e de xeito xustificado a apertura de novos ocos e a modificación dos existentes.

[Reestruturación: Actuacións de renovación e transformación en edificios inadecuados para un uso específico, polo seu grao de deterioración ou especiais deficiencias arquitectónicas e funcionais, que supoñan a modificación da configuración arquitectónica e a substitución dos elementos da súa estrutura, mantendo en calquera dos casos os elementos de cerramento que definan o volume e a forma do edificio. As devanditas obras, poderán comportar a substitución de elementos estruturais, así como as modificacións dos elementos determinantes de organización tipolóxica, como escaleiras ou patios, ou a redistribución dos espazos interiores.

[Ampliación: Actuacións encamiñadas á ampliación dun edificio existente, sen modificar as súas aliñacións viarias e os planos de fachada, mantendo ou non a tipoloxía estrutural.

NIVEIS DE PROTECCIÓN

[Integral: Aplícase a aqueles bens insustituíbles, que posúen valores de carácter arquitectónico, histórico, artístico ou tradicional, en calquera que seña o seu estado de conservación. Os bens baixo o presente nivel de protección, deberán manter a súa integridade, con espacial respecto a súas características singulares e dos seus elementos constituintes, procurando a súa conservación e recuperación. Permítense, polo tanto, nos bens catalogados no Expediente de Delimitación cun nivel de protección integral, únicamente obras de conservación, restauración e consolidación.

[Estrutural: Aplícase a aqueles bens inmobles que posúen una elevada calidade na súa conformación arquitectónica global, ó que determina a súa valoración singular e a súa conservación para manter a condicións arquitectónica e volumétricas que o caracterizan. Ó anterior, sen perxuízo de obras interiores ou exteriores compatibles e adecuadas o uso pertinente, a súa estrutura e función rural.

Permítense, polo tanto, nos bens catalogados no Expediente de Delimitación cun nivel de protección estrutural, obras de conservación, restauración, consolidación e rehabilitación.

[Ambiental: Correspóndese cun nivel de protección dun conxunto de arquitecturas, cultas e populares, que polo seu grao de coherencia arquitectónica, tipolóxica e etnográfica, informan da calidade xeneral do patrimonio edificado ou son expresión da cultura arquitectónica tradicional e que caracterizan aos conxuntos rurais. Protexe a configuración do edificio, conxunto ou elemento, e favorece a conservación dos elementos básicos que deben ser obxecto de conservación polo menos no que se refira á súa configuración exterior e as características determinantes da tipoloxía arquitectónica e da morfoloxía do núcleo do que forman parte.

Permítense, polo tanto, nos bens catalogados no Expediente de Delimitación cun nivel de protección ambiental, obras de conservación, restauración, consolidación, rehabilitación e reestruturación. Permitíranse obras de ampliación en determinadas circunstancias, sempre que non produzan menoscabo dos valores a protexer.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

Atenderase ó disposto no punto terceiro do artigo 12 do Decreto 232/2008, de 2 de Outubro, sobre o Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia. Os elementos integrados no contorno de protección dos bens catalogados no Expediente de Delimitación, non son en si mesmos obxecto de protección patrimonial, pero, en calquera caso, as intervencións que neles se produzan deberán supeditarse a protección dos bens protexidos culturalmente."

Contra a presente normativa poderá interporse recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sito en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da

publicación deste edicto, de conformidade co establecido no Art. 107, nº 3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común en relación co Art. 10.1.b da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O Corgo, 5 de maio de 2015.- O alcalde José Antonio Ferreiro Glez. O secretario, Marco A. García-Gabilán Sangil

R.1938

GUNTÍN

Anuncio

O Pleno deste concello, na sesión extraordinaria urxente de data 27 de abril de 2015, acordou o seguinte :

1.- Aprobar a adaptación á normativa vixente dos Modelos de Rexistros de Intereses desta Corporación (de Bens Patrimoniais e de Actividades), así como dos modelos de Declaración de bens patrimoniais e participación en sociedades e de causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.

2.- Iniciar os trámites necesarios para a creación e regulación do ficheiro relativo aos rexistros de intereses, nos termos establecidos na Lei Orgánica 15/1.999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

3.- Iniciar así mesmo os trámites para para cumprimento ao establecido na Lei 19/2.013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información e bo goberno , sobre publicación das declaración anuais de bens e actividades na correspondente sede electrónica ou páxina web municipal.

4.- O referido acordo será de aplicación a partir do mandato corporativo 2015-2019.

O que se fai público para xeral coñecemento e demais efectos procedentes.

Guntín, a 05 de Maio de 2015.- O Alcalde-Presidente, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 1939

LUGO

Anuncio

Non sendo posible a práctica da notificación e conforme ao disposto no artigo 59.5 da Lei 30/92, do 26 de novembro, comunícaselle á comunidade hereditaria de don Antonio Mendoza Sanfiz, a través do presente anuncio, que:

“A teor do disposto no artigo 59 do Regulamento de Cemiterio en vigor, o Tenente de Alcalde delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá, dictou o decreto número 15003352 con data do vinteseite de abril de 2015, no cal apróbase o cambio de titularidade da unidade de enterramento 08-360, a favor de dona Concepción Saco Veloso.

Así mesmo comunícase que poderán retirar copia íntegra do decreto referenciado nas oficinas de Cemiterio deste Concello.”

Lugo, a 06 de Mayo de 2015, O Tenente de Alcalde- Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá, Manuel Núñez López

R. 1912

Anuncio

Ante a imposibilidade de notificar a dona Josefa Santos López, no último domicilio coñecido sito no Camiño da Costa, 14, Entrambos Ríos, de Lugo, o acordo da Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2015, relativo á “Orde de execución de obras no inmovible número 1 da rúa Fonmiña”, faise pública no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, conforme ó previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cuxa parte dispositiva establece, entre outros extremos, o seguinte:

“**PRIMEIRO.-** Impoñer á propiedade do inmovible número 1 da rúa Fonmiñá unha cuarta multa coercitiva polo importe de 5.000 €, como consecuencia do incumprimento da resolución ditada polo Decreto da Alcaldía número 258/2008, de 27 de novembro, a partes iguais, de acordo co seguinte detalle:

- a dona María Relinda Santos López co domicilio na rúa San Mateo, Viñas, número 5, C.P. 15540 Narón (A Coruña), o importe de 1.250 €.

- a dona Josefa Santos López co domicilio no Camiño da Costa, número 14, Entrambos Ríos, C.P. 27233 Lugo, o importe de 1.250 €.
- a dona Celia Santos López co domicilio na rúa Mar Cantábrico, número 13-1º, C.P. 27003 Lugo, o importe de 1.250 €.
- a don Sabino Santos López co domicilio na rúa Serra de Meira, número 54-1º, C.P. 27003 Lugo, o importe de 1.250 €.

A multa imposta reducirase na súa contía nun 30% se é aboada no prazo de QUINCE DIAS a partir da notificación da multa e se o suxeito obrigado mostra por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo (Disposición adicional quinta da Lei 9/2002).

O importe da multa, de acordo co disposto no artigo 62 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria (BOE nº 302 do 18/12/03), deberá efectuarse mediante o ingreso, a favor da Tesourería municipal, no seguinte prazo:

- a) Ata o día 20 (ou o inmediato hábil posterior, se aquel é festivo) do mes posterior ó da recepción da presente notificación, se esta fose recibida entre os días 1 e 15 do mes.
- b) Ata o día 5 (ou o inmediato hábil posterior, se aquel é festivo) do segundo mes posterior ó da recepción da presente notificación, se esta fose recibida entre os días 16 e derradeiro do mes.

Significando que o pago da multa poderá facerse efectivo mediante a liquidación que se achega en algunha das seguintes entidades colaboradoras: ABANCA, BBVA e LA CAIXA.

Advertíndolles ós interesados que de non facerse efectivo o importe da multa no prazo sinalado procederase pola vía de constrinximento

SEGUNDO.- Requirir novamente a dona María Relinda, dona Josefa, dona Celia e don Sabino Santos López, propietarias do inmovible número 1 da rúa Fonmiñá, para que procedan a cumprir a orde de execución de obras ditada a través do Decreto da Alcaldía número 258/2008, de 27 de novembro, apercibíndoas de que, no caso de incumprimento daquela, procederase a súa execución forzosa mediante a imposición de novas multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, na contía de 300 a 6000 € cada unha, conforme o disposto no artigo 199.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo.

TERCEIRO.- Notifíquelles a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de **un mes** ante a Xunta de Goberno Local, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa, ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo (artigo 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).
- Calquera outro recurso que estime conveniente ó seu dereito."

Para que conste e lle sirva de notificación ó citado interesado en cumprimento do disposto no artigo 59.5 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino este anuncio.

Lugo, 5 de maio de 2015.- O Alcalde, P.D. O Tenente Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (Decreto Alcaldía número 13008312) Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 1913

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local, 16/222, do 8 de abril do 2015, polo que se aprobou a forma de adxudicación por procedemento aberto para a contratación das obras de REXENERACION DE PAVIMENTO DAS RUAS SAN XOSE E TRES MARIAS.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: a REXENERACION DE PAVIMENTO DAS RUAS SAN XOSE E TRES MARIAS

b) Prazo de execución: TRES meses.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinario

b) Procedemento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O presuposto do contrato é de 77.677,64 euros, IVE INCLUÍDO. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

5.- Garantías:

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-72-56, 29-73-01.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Obrigas contractuais esenciais. Condicións esenciais de execución:

Este contrato ten condición esencial de execución prevista na cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas (art. 227 TRLCSP)

Este contrato prevé obriga contractual esencial prevista na cláusula decimo novena do prego de cláusulas administrativas.

9.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 26 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula decima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 3 meses.

10.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

12.- Gastos dos anuncios: 133,64 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 23 de abril do 2015.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, Sonia Mezdez Garcia

*Anuncio***FORMALIZACIÓN DE CONTRATO****1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** É obxecto do presente contrato a adquisición de un vehículo autoescaleira automática de 42 metros de altura articulada para o usos multiples e servizo de emerxencias do Concello de Lugo

b) **Prazo de execución:**

O prazo máximo de entrega será de ONCE MESES dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da redución do prazo ofertada polo licitador (que deberá ofertarse en días naturais)

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato é de 785.000 euros.

5.- Adxudicación:

a) **Data:** 19/03/2015

b) **Contratista:** ITURRI, S.A

c) **Nacionalidade:** Española

d) **Orzamento máximo do contrato:** Ascende a cantidade de 783.696,18 €, máis o 21% de IVE (164.576,19 €), o que supón un total de 948.272,37 €, IVE incluído

6.- Data de Formalización de contrato: 13-04-2015

Lugo a 24 de abril de 2015.- O ALCALDE, P.D. TENENTE-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nún 13008312)
Sonia Mendez García

R. 1941

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 8 de abril de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a **CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO, SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES E REPARACIÓN DOS SISTEMAS DE IMPRESIÓN DO CONCELLO DE LUGO.**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** é a prestación dun servizo de mantemento permanente do parque de impresoras e multifuncións así como a subministración de consumibles e reparación dos sistemas de impresión, todo isto coas características sinaladas no prego de especificacións técnicas redactado polo responsable municipal de informática.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto

4.- **Tipo de licitación:** O prezo máximo para a primeira anualidade é de 54.624,98 euros mais o 21% de IVE (11.471,24 euros), do que resulta un presuposto máximo de **66.096,22 euros IVE incluído** para o primeiro ano e que se calcula pola aplicación dun prezo unitario por páxina impresa en branco e negro e en cor e considerando unha previsión de 2.130.146 páxinas anuais en B/N e 234.933 páxinas anuais en cor.

- O prezo máximo da **páxina impresa en B/N é de 0,02 euros IVE 21% incluído**

- O prezo máximo da **páxina impresa á cor é de 0,1 euros** IVE 21% incluído

O valor estimado do contrato, tendo en conta a duración deste e a prórroga prevista, ascende a 109.249,96 euros IVE excluído.

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Condiciones especiais de execución:

Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 151,84 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 27 de abril de 2015.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto nº 13008312) Sonia Mendez Garcia

R. 1942

Anuncio

A Xunta Goberno Local, na sesión celebrada o día 8 de abril de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO SERVIZO DE SEGURIDADE PRIVADA NO FOGAR DO TRANSEÚNTE (LOTE 1) E SERVIZO DE SEGURIDADE PRIVADA NO CEI-NODUS-ESPAZO LAB (LOTE 2).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: A prestación do servizo de seguridade privada, sen armas, para a vixilancia do Fogar do Transeúnte (Lote 1), espazo ubicado na Rúa Deputación, nº 12, no termo municipal de Lugo e a prestación do servizo de seguridade privada, sen armas, para a vixilancia do recinto do CEI-NODUS-ESPAZO LAB (Lote 2), ubicado na rúa Avda. da Coruña, nº 500, no termo municipal de Lugo, conforme os dous lotes, ás prescricións técnicas que figuran neste prego.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimientto: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: Os prezos dos contratos para a primeira anualidade son de:

LOTE 1.- SERVIZO DE SEGURIDADE PRIVADA NO FOGAR DO TRANSEÚNTE: 107.445,80 euros, IVE incluído

LOTE 2.- SERVIZO DE SEGURIDADE PRIVADA NO CEI-NODUS-ESPAZO LAB: 69.623,22 euros, IVE incluído

O valor estimado total do contrato que inclúe o valor estimado de cada un dos lotes (o importe total de cada un excluído o IVE) e a posible prórroga- ascende a 585.353,56 euros.

5.- Garantías: definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Condiciones especiais de execución: as recollidas na cláusula décimo sexta do prego de condicións (obrigas contractuais esenciais).

Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula novena do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 154,70 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 23 de abril de 2015.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN, Sonia Mendez García

R. 1943

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Decreto de 28/04/2015 o padrón polo servizo de axuda a domicilio do mes de abril de 2015 por medio do presente expónse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdicción.

O mesmo tempo establécese un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía de constrinxemento.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

En O Páramo a, 29 de abril de 2015.- O Alcalde, Gumersindo A. Rodríguez Liz

R. 1914

POL

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO NO CONCELLO DE POL PARA POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

Primeira.- Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para o posto de auxiliar de axuda no fogar, mediante contratación laboral temporal, acollida aos artigos 2, 3 e 4 do Real Decreto 2720/1988, de 18 de decembro, que regulan as modalidades de contrato para obra ou servizo determinado; eventual por circunstancias da produción e de interinidade por substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, e ao artigo 15 do estatuto dos traballadores coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Vacacións, licenzas e permisos.
- Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo de axuda no fogar do Concello de Pol.
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

Segunda.- Normativa aplicable

O procedemento rexeráse especialmente polo establecido nas seguintes normas:

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real Decreto lexislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local. con carácter supletorio tamén se aplicará o decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

Terceira.- Funcións

As funcións das/os auxiliares de axuda no fogar serán as recollidas na ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Pol vixente.

A xornada será completa ou parcial, incluíndo sábados, domingos e festivos.

Cuarta.- Publicidade

A presente convocatoria e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pol e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello (www.concellopol.es)

Quinta.- Requisitos dos/as aspirantes

Poderán participar na Bolsa de Emprego os/as aspirantes que reúnan, á data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

Requisitos xerais:

- Ter nacionalidade española. Ademais no proceso poderán participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos no apartado un do artigo 57 da Lei 7/2007 do 12 de abril. Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán participar no presente proceso selectivo.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas senón nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Requisitos específicos:

-Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

-Carne de conducir B1 e dispoñer dun vehículo para poder desprazarse dentro do termo municipal.

Sexta.- Presentación de instancias.

Os/as interesados/as en formar parte desta Bolsa de Emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de POL. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de sete (7) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases coa convocatoria deste procedemento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de POL e na páxina web do concello.

A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de POL ou en calquera das formas establecidas no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, (LRXAP e PAC). As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.

Ás instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordó coa seguinte orde:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados

internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- Declaración xurada de que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).
- Fotocopia compulsada do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008. Do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
- Copia compulsada do carné de conducir.
- Copia compulsada dos méritos alegados.

Os/As aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude.

Sétima.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de (1) un día, pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con especificación no seu caso dos motivos de exclusión.

A dita resolución publicárase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello. Na publicación farase constar, apelidos, nome e número do DNI, así como, se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os/As aspirantes excluídos disporán dun prazo de (2) dous días hábiles contados a partir da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello en a páxina web do concello, para subsanar os defectos a que alude o art. 71 da Lei 30/92, RJ-PAC, que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións a lista de admitidos/as quedará elevada automaticamente a definitiva.

No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa e publicárase a lista definitiva no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello.

Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos, os aspirantes interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo de un mes contado a partir da publicación definitiva da mesma.

Oitava.- Tribunal cualificador.

Os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo, designarase por resolución de Alcaldía, e deberán estar integrados por cinco membros titulares, un/unha presidente, un/unha secretario/a e tres vogais, todos eles con voz e voto. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto ao que se opta.

A resolución de alcaldía cos membros do tribunal cualificador exporase ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, xunto coa listaxe de admitidos/excluídos.

Novena.- Sistema de selección.

O sistema de selección, será de Concurso.

BAREMO DE MÉRITOS:

Polo Tribunal cualificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas.

9.1. Criterios xerais:

- Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de remate de presentación de solicitudes.
- Acreditaranse mediante certificacións ou diplomas expedidos polas Entidades ou Organismos convocantes.
- A puntuación máxima outorgada na fase de valoración de méritos non excederá de **25 puntos**.

9.2. Criterios específicos:

9.2.1.- Formación:

- Estar en posesión de cursos formativos homologados de auxiliar de axuda a domicilio ou asistencia sociosanitaria a persoas no domicilio, auxiliar de enfermería en xeriatria, coidador de discapacitados físicos e

psíquicos, cursos de xerontoloxía, de atención de persoas dependentes, ou outros equivalentes impartidos polos organismos oficiais competentes. Ata un máximo de **6 puntos** segundo o baremo seguinte:

- o Por cada curso de duración inferior a 10 horas lectivas: 0,10 ptos/curso
- o Por cada curso de duración de 11 a 50 horas lectivas: 0,50 ptos/curso
- o Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas: 1,00 ptos/curso
- o Por cada curso de duración de máis de 100 horas lectivas: 2,00 ptos/curso
- o Por estar en posesión do certificado de formación en hixiene e manipulación de alimentos
- o ou tarxeta ou carné de manipulador de alimentos (**2 puntos**).

9.2.2 Experiencia profesional: Puntuarase ata un máximo de **12 puntos**, consonte a seguinte escala:

- o Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera Administración Pública (0,10 puntos/mes de servizo) non se computarán servizos inferiores a un mes.
- o Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados aos da praza que se convoca realizados en calquera outro centro de traballo (0,05 puntos/mes de servizo), non se computarán servizos inferiores a un mes.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e en que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

9.2.3. Entrevista: A entrevista servirá para comprobar os méritos alegados polos aspirantes para saber si acreditan ou non a formación e a capacidade esixida para realizar as funcións do posto que se convoca, comprobando a actitude e interese polo mesmo. Puntuarase ata un máximo de **5 puntos**.

Décima.- Resolución.

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas ao longo deste proceso, en caso de empate entre varios candidatos primará o que teña máis experiencia laboral. Se segue o empate, realizarase un sorteo.

A dita acta publicarse no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Pol e na páxina web do concello ordenada de maior a menor puntuación ou no caso de empate, o resultado do sorteo.

Abrirase un prazo de dous días (2) hábiles para poder presentar cantas reclamacións se estimen oportunas.

De producirse algunha reclamación, transcorrido o dito prazo, o tribunal reunirse de novo para resolver as reclamacións presentadas e publicar a lista definitiva de puntuacións obtidas. No caso de que non houbera ningunha reclamación a lista inicial elevarase a definitiva.

Coa lista definitiva, o tribunal fará pública a relación de aspirantes que constituirá a Bolsa de Emprego de Auxiliares de Axuda no Fogar do concello de Pol, pola orde de puntuacións obtidas e elevará a proposta ao Alcalde do Concello de Pol para que resolva sobre a aprobación da Bolsa de Emprego creada.

A orde dos/as integrantes da Bolsa de emprego non será alterado no suposto nos que o contrato teña unha duración inferior a seis meses, durante os dous primeiros anos. No suposte de contratos con duración superior, tanto no suposto dun único contrato o de varios, a persoa contratada pasará a ocupar o derradeiro lugar na Bolsa de Emprego.

Esta bolsa terá unha vixencia de unha vixencia de catro anos dende a data da súa aprobación. A Bolsa será aberta, polo que unha vez elaborada a mesma, as persoas que queiran incluírse nela, presentada toda a documentación que se estableza e reunido os requisitos establecidos, poderán acceder á dita bolsa, situándose ao final da mesma.

A Bolsa actualizarse cada seis meses, respecto dos novos méritos achegados polos/as compoñentes da mesma así como para a valoración dos méritos e das probas necesarias para a inclusión da mesma dos novos/as aspirantes.

Undécima.- Funcionamento da Bolsa de Emprego

Cando por razóns de necesidade ou urxencia sexa necesario cubrir prazas na categoría convocada, procederase ao chamamento pola rigorosa orde establecida na Bolsa de Emprego, agás que se trate de prazas subvencionadas que requirirán doutro procedemento.

As persoas que figuren na bolsa terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

Cando sexa necesario proceder ao chamamento para cubrir a praza, ofertarase ao primeiro da lista, realizando tres chamadas telefónicas cun intervalo de media hora entre cada unha delas para que acepte ou

renuncie ao ofertado, se renuncia ao posto ofertado farao constar por escrito e remitirao por correo, Fax ou presentalo persoalmente no rexistro municipal, logo chamarase ao seguinte da lista.

No suposto de que un/unha mesmo/a aspirante fora chamado para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia no escrito ao que se refire o apartado anterior.

Renuncias:

Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia ao chamamento que se produza para cubrir a praza que se convoca levará consigo as seguintes sancións:

Primeira renuncia: Un ano de exclusión da bolsa de emprego e imposibilidade de acceso ás ofertas desta. Unha vez finalice este prazo de penalización producirase a reincorporación á Bolsa de Emprego situándose ao final da mesma.

Segunda renuncia: Baixa definitiva na bolsa de emprego e imposibilidade de incluírse de novo na mesma. O anterior prazo computarase dende a data que se estableza na correspondente resolución de alcaldía que se estableza ao respecto.

Quedan excluídos das sancións anteriores e polo tanto seguirán formando parte da Bolsa de Emprego aqueles/as persoas que non acepten ou renuncien ao chamamento para cubrir a praza e se atopen nalguna das seguintes situacións:

- Se atopen traballando nese momento ou estean en situación de activo.
- Que acrediten situación de baixa médica.
- Que estean realizando cursos de formación relacionados co posto que se oferta.
- Calquera outra situación de carácter extraordinario a xuízo da entidade local.

O/A aspirante seleccionado/a, no prazo de tres días naturais desde a sinatura do contrato deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.
- Declaración responsable de estar en posesión do permiso de conducir en vigor e dispor dun coche para poder desprazarse dentro do termo municipal.

Quedará condicionada a validez e suspendida a eficacia do contrato ata que os aspirantes seleccionados presenten a requirida documentación no prazo indicado.

Duodécima.- Incidencias

O Tribunal estará cualificado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo.

Decimoterceira.- Impugnación.

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnados polos/as interesados/as da forma legalmente prevista na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Pol, 4 de maio de 2015.- O Alcalde-Presidente, Lino Rodríguez Ónega

ANEXO I - MODELO DE INSTANCIA

D./D^a.....,
maior de idade, con DNI e con domicilioa efectos de
notificacións en.....
e número de teléfono

EXPON

Que habendo sido convocadas as probas selectivas para a constitución dunha Bolsa de
Emprego na categoría de Auxiliar de axuda no fogar

DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

1. Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar na proba selectiva.
2. Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
3. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
4. Non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
5. Estar en posesión do permiso de conducir en vigor clase B1 e dispor dun vehículo para poder desprazarse dentro do termo municipal.

SOLICITA:

Tendo por presentada a presente solicitude dentro do prazo concedido ao efecto e ser admitido para tomar parte nas probas selectivas para o acceso á Bolsa de Emprego na categoría de Auxiliar de axuda no fogar.

Á presente solicitude acompáñase unha fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente e dos documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos e dos méritos profesionais e académicos requiridos.

En, a de de 20.....

Asdo.:

MÉRITOS QUE DEBERÁN SER APORTADOS E ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES

A) Situación laboral:

A.1.- Por estar en situación de desempleo (presentar documentación que o acredite)

A.2.- Por no recibir ningún tipo de prestación o subsidio por desempleo (presentar documentación que lo acredite)

B)EXPERIENCIA PROFESIONAL: (PUNTUACIÓN MÁXIMA 3 PUNTOS)

- Por servicios prestados en postos de igual natureza en calquera administración pública mediante relación laboral ou funcional.

- Por servicios prestados en empresas privadas en postos de igual naturaleza.

CURSOS (presentar documentación que o acredite)

De menos de 20 horas	Entre 20 y 50 horas	De más de 50 horas	Certificado de profesionalidad

OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE APORTO:

— Fotocopia do DNI o, no seu caso, pasaporte.

— Documentos acreditativos da titulación esixida en la convocatoria así como dos méritos e circunstancias alegados que deban ser valorados.

— Vida laboral e copia dos contratos

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL

PORTOMARÍN*Anuncio***EXTRACTO DA CONVOCATORIA E DAS BASES POLA QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE APOIO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PORTOMARIN PARA FACER FRONTE AS HORAS CONCEDIDAS POR DEPENDENCIA .**

O Sr Alcalde Presidente do concello de Portomarin con data 29 de abril de 2015 ditou Resolución onde se aproban a convocatoria e as bases polas que se establecen as normas para a selección de persoal laboral temporal de apoio ao servizo de axuda no fogar do Concello de Portomarin, mediante concurso – oposición, e que se publicarán integramente no taboleiro de anuncios do Concello así como na páxina web (www.concellodeportomarin.es).

Nº EMPREGOS	DENOMINACIÓN
2	AUXILIARES AXUDA NO FOGAR

SOLICITUDES: Estarán a disposición dos aspirantes no Concello e na páxina web (www.concellodeportomarin.es).

PAZO DE PRESENTACIÓN: 7 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

LUGAR DE PRESENTACIÓN: no Rexistro Xeral do Concello de Portomarín ou a través das outras formas establecidas no artigo 38 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo/a empregado/a do Servizo de Correos.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERA PRESENTARSE COA SOLICITUDE:

A/ FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU PASAPORTE, Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

B/ MÉRITOS DEBIDAMENTE ACREDITADOS.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Tesourería Xeral da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden co posto/emprego ao que se opta.

- Copia autenticada da/s titulación/s, cursos, estudos, xornadas, seminarios, etc.

- Currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable a posesión dos méritos que se alegan.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos no Anexo I deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

C/ FOTOCOPIA DO PERMISO DE CONDUCIR CLASE B.**D/ ACREDITACION DE ESTAR EN POSESIÓN DO CELGA I OU EQUIVALENTE.**

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria e a data de celebración das probas faranse públicos no Taboleiro de anuncios do Concello de Portomarin e na páxina web.

Portomarín, 04 de maio de 2015.- O ALCALDE, Juan Carlos Serrano López.

Anuncio

O Pleno deste concello, na sesión extraordinaria de data 28 de abril de 2015, acordou o seguinte:

1.- Aprobación a adaptación á normativa vixente dos Modelos de Rexistros de Intereses desta Corporación (de Bens Patrimoniais e de Actividades), así como dos modelos de Declaración de bens patrimoniais e participación en sociedades e de causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.

2.- Iniciar os trámites necesarios para a creación e regulación do ficheiro relativo aos rexistros de intereses, nos termos establecidos na Lei Orgánica 15/1.999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

3.- Iniciar así mesmo os trámites para para cumprimento ao establecido na Lei 19/2.013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información e bo goberno, sobre publicación das declaración anuais de bens e actividades na correspondente sede electrónica ou páxina web municipal.

4.- O referido acordo será de aplicación a partir do mandato corporativo 2015-2019.

O que se fai público para xeral coñecemento e demais efectos procedentes.

Portomarín, a 29 de Abril de 2015.- O Alcalde-Presidente, Juan Carlos Serrano López.

R. 1917

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA:**

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón AUGA – LIXO XANEIRO – MARZO/2015.

- Taxa Padrón CANON XUNTA DE GALICIA XANEIRO – MARZO/2015.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 08/05/2015 ata o 08/07/2015.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín en horario de 9:00 a 14:00 h.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Portomarín, a 29 de Abril de 2015.- O Alcalde, Juan C. Serrano López

R. 1918

RIBADEO*Anuncio*

Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa por ocupación de terreo no mercado exterior da Praza de Abastos (Mercado dos Mércores), para o exercicio 2015 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data 20 de abril de 2015, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

- Padrón da taxa por ocupación de terreo no mercado exterior da Praza de Abastos (Mercado dos Mércores) para o exercicio 2015, polo importe de cincuenta e catro mil trescentos oitenta e un con sesenta euros (54.381,60 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase, así mesmo, o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xuño de 2015 e o 31 de xullo de 2015, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2 apartado c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 20 de abril de 2015.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia

R. 1708

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **primeiro trimestre de 2015**, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata 6 de xullo de 2.015, as débedas pendentes esixíranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

En Sarria, a 27 de Abril de 2.015.- O SR. ALCALDE, Jose Antonio García López

R. 1919

O VICEDO*Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Presuposto deste Concello correspondente ao exercicio de 2014, expónse ao público por prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 4 de maio de 2015. Durante este prazo e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, as cales serán examinadas pola devandita Comisión, que practicará cantas comprobacións considere necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas a consideración do Pleno do Concello, para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas, de conformidade co disposto no artigo 212.3.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O Vicedo, 4 de maio de 2015.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 1920

XERMADE*Anuncio*

Tramitándose por este Concello, expediente de BAIXA DE OFICIO, por inscrición indebida no Padrón de Habitantes, cumprindo o disposto no artigo 72 do Regulamento de Poboación, por figurar empadroada incumprindo os requisitos establecidos no artigo 54 deste Regulamento, e unha vez comprobada esta circunstancia no correspondente expediente, sométese a información pública polo termo de dez días hábiles, ó obxecto de que durante o mesmo, -que comezará a contarse dende o día seguinte á inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- a persoa que se relaciona a continuación, poda examina-lo expediente, e formular, por escrito, as reclamacións ou observacións que estime oportunas.

INTERESADA

ÚLTIMO ENDEREZO COÑECIDO

Antoinette Jaqueline Butler

O Caneiro, 3-Burgás

Xermade, 4 de maio de 2015.- O Alcalde, Tomás Rodríguez Arias.

R. 1921

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****Expediente número: A/27/20695**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Florentina Varela Reimondo.

N.I.F. nº: 76559889 L

Domicilio: 4- Órrea 27765 - Trabada (Lugo).

Nombre del río o corriente: Manantiales “Veiga da Bidueira” y “Veiga Cerrada-Subpenas”

Caudal solicitado: 0,023 l/seg..

Punto de emplazamiento: Órrea.

Término Municipal y Provincia: Trabada (Lugo)

Destino: baldeo de estabulación ganadera

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Arqueta de captación y conducción por tubería a depósito de 2.000 l. de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Trabada**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 04 de mayo de 2015.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES. Pedro Granda Rodríguez

R. 1960

Anuncio

Expediente: A/27/20551

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico, de fecha 24 de abril de 2015 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Antonio Ramallal Dopacio, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua del manantial Fonte de A Carballeira sito en el lugar de Cabana, T.M. de A Pontenova (Lugo), con destino a abastecimiento y riego .

Oviedo, 24 de abril de 2015.- EL JEFE DE ÁREA, David Pérez Méndez-Castrillón

R. 1961

Signature Not Verified

Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO
Data: 14.05.2015 08:48:34 CEST
Razón:
Localización: España



